

sarria

A festa do San Xoán celebrarase en xuño con diversas actividades e concertos. **Páx. 2**

samos

Inaugurouse a praza Vergara Vilariño e o Museo Etnográfico de Pío Préstamo. **Páx. 14**

triacastela

A Confederación Hidrográfica mellorou a capacidade de desagadoiro dos ríos. **Páx. 16**

láncara

A Feira da Tenreira terá lugar os vindeiros 30 de abril e 1 e 2 de maio. **Páx. 18**

o incio

Pódese visitar un novo miradoiro co nome do petróglifo Pena do Chao. **Páx. 20**

Un ano máis sen orzamento

Os presupostos para este ano do Goberno de Sarria non saen aprobados despois de obter os votos en contra de toda a oposición



“A intención é unirnos e facer algo grande”

O Club Clásicos organiza o II Rally de Regularidad xunto coa Pretorian e a Feira de Antigüidades. **Páx. 6**

Bos datos de turismo en Semana Santa


Máis de mil persoas pasaron por Sarria percorrendo o Camiño Francés na primeira fin de semana. **Páx. 13**

Diversidade Infantil



A Plataforma axuda ás familias con nenos con diversidade. **Páx. 8**

A oposición en Paradela



Iván Castro é o portavoz do PSOE no municipio. **Páx. 17**

Ascenso da SD O Páramo



A SD O Páramo consegue o ascenso a Segunda Galicia. **Páx. 23**

25 millóns de euros para 67 concellos

A Deputación aprobou por unanimidade o Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024. **Páx. 21**

CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³

CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA

CORBAR MAQUINARIA

www.corbarsil.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

SARRIA

Comeza a organización do San Xoán sarriao



O San Xoán de Sarria, que acolle ademais as festas patronais da vila, celebrarase entre o 21 e 25 de xuño, celebrando diferentes actividades e concertos. Así, as primeiras confirmacións son as actuacións de Nena Dacoste o 21 de xuño e de Niña Polaca o 22, que poderán desfrutarse sen custo para todos os veciños e veciñas e visitantes que se acheguen nesas datas.

Pola súa parte, o San Xoán acollerá a súa Noite do Lume o día 23 no campo da feira, onde se instalará a fogueira e onde haberá a queimada e a degustación gastronómica, pero tamén haberá música, da man do grupo de folk sarriao Eoas.

Xa o día 24 terá lugar a misa do padrón nun día que é festivo todos os anos en Sarria e o día 25 pecharanse os actos con música da man dunha orquestra, aínda que desde o Goberno local non confirmaron o nome.

Ademais de todo isto, este ano volverán a establecerse

unhas horas sen ruído, baixando o volume das barracas da rúa Castelao, co fin de promover un espazo apto para o disfrute destas atraccións dos nenos con sensibilidade como aqueles con TEA, alteracións neurosensoriais e diversidade funcional, unha medida que tivo moi boa acollida pola sociedade sarriá e que se repite este ano.

ANO 2023. O ano pasado o San Xoán acollera diversas actuacións musicais, como a da Orquestra Panorama, a Louband de Sarria, a Orquestra Los Satélites, a Orquestra Panamá, a banda Chárleston Big Band e Os Parentes. Ademais, houbo pasacalles da man da Asociación Peleriños e a Batucada Cadabatú. Por outra banda, a Asociación Meigas e Tragos foi a encargada de dun espectáculo de música tradicional galega e Abraham Cupeiro foi o encargado de dar o pregón.

As actividades culturais volven neste mes con música e teatro

A programación cultural do Concello de Sarria para abril xa comezou estes días coa presentación do libro de Tician Ghiglione Darriba, os Cantos Pequenos de Taberna, o Conserto na Horta de Brais Hortas e o Entroido, que fora adiado por mor das previsións meteorolóxicas en dúas ocasións, o 11 e o 25 de febreiro.

Xa o sábado 13 de abril terá lugar a proxección do filme Pinochoás 17.00 horas para os máis pequenos e ás 21.00 horas celebrarase o concerto da Banda de Música de Sarria; mentres que o domingo 14, a partir das 20.00 horas, haberá un ciclo de Música Clásica 'Dans le soir' con Beatriz Ramos e Ángel González.

O seguinte fin de semana, o día 20 terá lugar a xornada de inclusión escolar do alumnado con necesidades educativas es-



peciais, organizada pola Plataforma Diversidade Infantil, e ás 17.00 horas terá lugar o espectáculo familiar 'Eu son de ciencias', de Trémola Teatro. Mentres, o domingo representárase 'Vía Morta' de Culturactiva.

O martes 23 presentárase a Ruta Literaria 'A Desfeita' e o 27 proxectarase o filme 'Los tipos

malos' para despois, ás 20.00 horas, acoller a presentación do novo disco da Asociación Rúa da Música. O domingo 28 realizárase a ruta 'A Desfeita' ás 17.00 horas e ás 20.00 horas proxectarase 'Illa de Cans'. Por último, o día 30 proxectarase 'La novia cadáver' para todas as persoas interesadas.

O IES Xograr acolle o Observa-Acción

O IES Xograr Afonso Gómez de Sarria recibiu a visita do profesorado do IES Albalat, de Navalmodal de la Mata (Cáceres) e tamén do IES Monte Castelo de Burela. Estes encontros prodúcense no marco do proxecto Observa Acción na súa Fase Estatal (Connecta), na que o profesorado visitante pode observar clases e tamén coñecer os distintos proxectos e programas que temos en marcha.

O programa Observa-Acción busca unha reflexión conxunta entre o profesorado participante, co fin de introducir melloras concretas na práctica de aula ou do centro.

O encontro consistiu en compartir proxectos e programas, e falar sobre a organización de centros, de inclusión, de promoción da saúde e da sustentabilidade. Analizáronse proxectos e plans dixitais e de lectura, abordáron-

se contidos do Club de Ciencia, do programa de radio, dos clubs de lectura e moitas máis cousas. "Produciuse un intercambio de información moi valioso que redundará na mellora da calidade educativa de cada centro", din. En abril varios profesores do centro sarriao viaxarán a Navalmodal de la Mata (Cáceres) para observar, da mesma maneira, os procedementos do centro estreño.

**PREFABRICADOS
Y HIERROS
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34

27614 Sarria - Lugo

Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501

Móvil: 629 802 700 - 629 817 933

email: hierrostouron@gmail.com

O Goberno local non consegue aprobar, de novo, os orzamentos

Os orzamentos propostos para este ano 2024 polo Goberno local de Camiña Sarria non saen aprobados despois de obter os votos en contra de todos os partidos da oposición. Estes recollían unha contía de 14.496.336 euros, máis dun millón de euros de incremento con respecto aos propostos no 2023, que tampouco saíron adiante. O alcalde, Claudio Garrido, sostivo que o presuposto estaba feito con “responsabilidade” e sendo “realistas”. Porén, os do Partido Popular votaron en contra porque considera unha “irresponsabilidade” levar a Pleno un presuposto cos informes técnicos en contra e “sendo consciente de que o Concello non vai ingresar ese diñeiro”. Así, din que “o informe de Intervención advirte que o presuposto incumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria porque xa prevé necesidade de financiamento”.

Da mesma maneira, o BNG tamén votou en contra argumentando que, a pesar ter unha reunión moi breve, “nolo ensinaron sen tempo para analizar e, por tanto, non é unha actitude negociadora”, explican.

TAXAS TERRAZAS. Pola súa parte, o Goberno local aprobou a nova ordenanza fiscal pola que se regula a ocupación do espazo público polas terrazas dos negocios privados, ao recibir os votos a favor do BNG e a abstención do PP e do PSOE. Esta contempla unha taxa máis elevada para as que ocupen zonas de aparcamento; en concreto, un importe de 36,78 euros por metro cadrado ao ano, mentres que no resto de zonas será de 29,42 euros. En festas



ou días puntuais, as terrazas deberán aboar un custo de 0,8826 euros por metro cadrado ao día. A nova ordenanza substituirá á que estaba aprobada desde o ano 2002. E tamén se aprobou a ordenanza para os postos do campo da feira, que corrixe o erro que aparecía na anterior no que se cobraba por metro lineal e non cadrado.

MOCIÓNS. O BNG conseguiu aprobar a moción que levou a pleno rexeitando o proxecto da empresa Altri que se vai instalar en Palas de Rei “por afectar significativamente ao Camiño Francés”. A macrofactoría de produción de pasta de celulosa, explican, potenciará unha actividade industrial “nada sostible e que pode poñer en risco que o Camiño de Santiago poida seguir considerado como Patrimonio da Humanidade, xa que un catedrático da USC di que noutros países, por actividades industriais parecidas, descatalogáronse zonas de Patrimonio como o Camiño”, defende Efrén Castro. Por iso, defenderon parar o proxecto “para evitar que

afecte ao ben cultura de Sarria e da comarca”.

Pola súa parte, o Grupo Municipal do Partido Popular presentou dúas mociós que foron aprobadas. Con respecto á primeira, os populares esixiron ao Goberno local que o tempo de xestión de licenzas non supere os 3 meses, implantando un sistema para axilizar a solicitude e o seguimento do estado dos procedementos ata a súa aprobación. Con respecto á segunda, solicitaron ao Goberno realizar un estudo sobre a cobertura de rede de fibra óptica para identificar as zonas con dificultades e desenvolver as medidas necesarias para posibilitar e fomentar o acceso á fibra ao maior número posible de veciños do municipio.

Por último, os socialistas levaron a pleno unha moción para defender ao sector do taxi de Sarria debido á situación que se vive na vila con respecto á competencia desleal, polo que o sector do taxi pedía “un maior control por parte das autoridades e medidas urxentes”, petición da que a oposición se fixo eco.



O PP denuncia o bloqueo das casas dos mestres

Os concelleiros do PP de Sarria denuncian o “bloqueo inxustificado” do Goberno municipal para dar unha solución definitiva á zona das antigas vivendas dos mestres do colexio Frei Luís de Granada. A portavoz, Carmen José López, explica que “levan dous anos de bloqueo desde o primeiro requirimento de documentación que lle fixo a Xunta ao Concello de Sarria para poder tramitar a desafectación das antigas vivendas dos mestres. Por non aportar a documentación requirida, levan todo este tempo bloqueando a posibilidade de derribar esas construcións, tal e como se acordou en pleno, para dotar a Sarria do primeiro parque cuberto”. López subliña que “é incomprensible e inadmisíbel que estea tardando todo este tempo en aportar unha documentación administrativa básica, imprescindible para o cambio de uso ou derribo das construcións que, ademais, lle foi requirida pola Xunta en dúas ocasións”. De feito, a administración autonómica reiterou o requirimento o 14 de abril do pasado ano 2023. Os populares de Sarria consideran de “irresponsables” as actitudes do Goberno municipal. Así, piden que “polo ben de Sarria, deixen de facer demagogia con este tema e cumpran coa súa

responsabilidade para satisfacer o interese xeral”.

Dende o Partido Popular advirten que, de continuar con esta actitude “irresponsable e omitindo as súas obrigas, estudarán outras medidas para forzar ao Goberno municipal a actuar e acabar co bloqueo desta situación, un bloqueo incomprensible e inxusto para a cidadanía de Sarria”, engade a popular. “Á espera de que o Concello cumpra coa obriga que lle corresponde para darlle unha solución benéfica tanto para os veciños da zona coma para os alumnos do colexio anexo e a poboación en xeral, que disporía doutro espazo de ocio e encontro na vila; a Xunta colocou hai meses un peche provisional por motivos de seguridade”.

MELLORAS NOS ESPAZOS. O PP advirte que o parque infantil de Oural ten unha iluminación “claramente insuficiente” e pídelo ao Goberno local solucionar este problema e atender aos espazos públicos municipais. Os concelleiros populares advertiron desta situación no pasado Pleno, “pero o Goberno municipal de Sarria aínda non tomou medidas, demostrando o seu pasotismo, xa que nin atende ás cousas que deberían ser máis sinxelas de xestionar”.

TE ESPERAMOS
EN TU TIENDA
OFICIAL
MASlife:

Rúa da
Liberdade, 133.
Sarria.

622 82 62 88



TU ANTIGUA
TIENDA YOIGO

AHORA
TE OFRECE
MUCHO MÁS.

MASlife

Yoigo

MÁSMÓVIL

pepephone

“É importante facer o traballo ben e que o cliente quede contento”

Manuel Rodríguez, xerente do negocio Vázquez Autos en Sarria, leva desde o ano 2000 ao fronte do negocio de venda de coches seminovos

Como xorde a idea de crear este negocio?

Este era un negocio que xa existía en Sarria e no ano 2000 decidín collerlo eu xunto con outro socio, pero ao final quedeime eu con el e empezamos a funcionar co tema dos coches, concretamente vendendo coches seminovos por Sarria e por todo a comarca, saíndo incluso a outros lugares de España, xa que temos coches que nos encargan á carta.

Que servizos ofrecen?

Vendemos coches nacionais e de importación, tamén vehículo industrial e levamos o tema dos seguros, que xurdiu hai 5 anos porque moita xente requiría financiamento e seguro, e quería saír de aquí con todo o pack: co coche e co seguro. Pero, ademais, se unha persoa quere un seguro para o seu coche, pero sen levar un coche, tamén pode facelo. Facemos seguros de coches, de negocios, de casa... ou faise todo un 3 en 1.

Que tipo de coches venden?

Nós aquí traballamos moito con coches de alta gama, de marcas como Audi, Volkswagen, Porsche, Mercedes e BMW. Este tipo de coches, seminovos, non aumentaron tanto o prezo como o fixeron os de gama media ou baixa, que agora poden roldar os 8.000 ou 10.000 euros. En cambio, os de alta gama están polos 30.000 ou 35.000, que é o que che pode custar un de gama media sendo novo hoxe

en día. Tamén vendemos coches de gama media, como Citroën, Renault... pero temos menos. Temos un pequeno expositor de coches, non 300 metros como os concesionarios, onde hai máis modelos de gama media, polo que ese tipo de clientes van alí.

Como son os clientes?

Hai de todo porque hoxe hai bastante onde escoller. Calquera persoa pode comprar un coche de alta gama, de marcas

moitos, xa sexan albañeis ou funcionarios, deciden apostar por un coche seminovo de alta gama, e máis se está ben o coche. Temos moitos clientes que sempre compraron novo e agora veñen a comprar de segunda man, xa que hai 20 anos non había tanto mercado de usado como agora. Por outra parte, os nosos clientes son fieis e case sempre quedan contentos. Intentamos que estean contentos porque logo nos mandan familiares e amigos. Recomendán-



punteiras, porque aforran durante moito tempo para poder compralo. Como dicía antes, un coche de alta gama de segunda man pode custar 35.000 euros, que é o que custa un coche novo de gama media, polo que

nos e nós temos que dar a talla. Intentamos que veña todo ben, que non haxa trampas e que non haxa problemas. E se pasa calquera cousa, estamos aí, por iso valoran moito o noso servizo posvenda.

Como é o traballo?

Na empresa traballamos dúas persoas no noso comercio na rúa Matías López de Sarria e o traballo consiste en facer as compras, a venda, encargámonos de que todo estea ben, da xestoría

unha revisión, encargámonos nós de levalo ao taller e entregamos o coche con todo feito. Hai veces que non damos a todo porque temos moito lío, por iso temos lista de espera. Non é coller un artigo dun estante, hai que buscar o coche adecuado, como hai extras hai que buscalos, e leva tempo. Temos provedores bos e temos mallado todo o comercio da compra, pero é o máis difícil porque leva uns trámites de transporte, de espera... Ademais, levamos tamén os seguros e tamén hai que facelo. Con todo, estamos contentos, porque Sarria é unha comarca moi grande e abastecemos, en parte, o mercado da comarca de Sarria, así como vendemos moito tamén para fóra de Galicia.

Que é o que destacan como máis importante na empresa?

O máis importante para nós como negocio e traballadores é a satisfacción de facer o traballo ben, vas co coche ao cliente que quería, con boa mercancía, prefiren gastar algo máis para que saia ben e é a satisfacción de que saia ben. Estamos nisto porque nos gustan os coches, e logo ves á xente satisfeita e contenta, e que a xente volva e nos mande clientes é o máis importante.

tamén... O que máis traballo dá é localizar os vehículos á carta, porque hai persoas que o queren dunha forma ou doutra e intentamos traer o máis parecido ao que piden. Ademais, preparamos os coches, se hai que facerlle algo ou

Tapisa, s.l.
TU FÁBRICA DE SOFÁS A MEDIDA

¡RETAPIZAMOS TU VIEJO SOFÁ!

982 533 165
 646 599 185
 Crta. Comarcal 546, km 21 Sarria



Pontenova
mesón restaurante

Amplia terraza de verano
Servicio de catering
Comida casera
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Catering_meson_a_pontenova
 Meson pontenova

RIO LOYO
Restaurante



982 535 334
697 491 756
Calvo Sotelo, 124
27600 SARRIA
(Lugo)

A Pulperia Do Luis

Mesón Castro

Domingo noche / lunes cerrado
Amplia terraza de verano
Comida para llevar

Reservas
Cimo de Agra, s/n - Sarria / Telf. 982 041 697



HOTEL A VEIGA

Calle Compostela 61
Samos - Lugo
Reservas: 982 546 052
www.hotelaveiga.es

- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:
Telf. 982 546 063

Casa de Aíra Padron



A Fervenza
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel.: 982 15 16 10 - info@fervenza.com

Abiertos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad
Eventos y reuniones



O MIRALLOS

Comida Casera
Cocidos por encargo
Pollos camperos caseros
(por encarga)

Mirallos 1, Paradela
RESERVAS:
TEL.: 639 010 696

“A intención desa fin de semana é unirnos e facer un acto grande”

Iker, un dos organizadores do II Rally Regularidad de Sarria, explica os obxectivos principais do Club Clásicos de Sarria e os desta edición

Cando xorde a idea de crear o Club Clásicos de Sarria?

Xorde porque un grupo de amigos decidimos crear o club porque nos atopábamos a xente de Sarria en concentracións de vehículos históricos doutros municipios e tres amigos dixemos: “Veña, hai que facer un club en Sarria”. Algunha persoa díxonos que estabamos loucos, que non había xente en Sarria como para facer un club, pero decidimos tirar para adiante e empezaron a aparecer vehículos clásicos que estaban gardados e, ao pouco tempo, xa había bastantes socios. Actualmente somos entre arredor de 80-90 persoas, practicamente de Sarria e arredores así como temos xente de Lugo, da Mariña e da Coruña. Comezamos en 2018, organizamos a primeira concentración de vehículos clásicos en 2019 e logo veu a Covid, polo que en 2020 e en 2021 non fixemos nada. En 2022 volvemos organizar unha nova concentración e en 2023 animámonos a facer tamén o primeiro Rally Regularidad de Sarria. Por iso, este ano 2024 faremos a cuarta concentración de vehículos clásicos e a segunda edición do Rally Regularidad.

En que consiste o Rally de Regularidad?

A primeira edición do Rally Regularidad xurdiu por fomentar outra modalidade, xa que a concentración e vehículos históricos é unha exposición dos vehículos dos nosos socios na praza de la vila e inclúe unha ruta turística, pero o Rally de Regularidad consiste en cumprir unhas medias que establece a organización a través dun percorrido. O piloto vai cun copiloto que leva un libro de ruta e ten que cumprir uns tempos. Non consiste na velocidade, senón que canto máis te aproximamos a eses tempos, máis opcións tes de gañar. Durante a ruta vaise indicando con sinais por

onde tes que ir sen perderte e coas medias de velocidade onde hai un control, segundo a hora á que saíches, tes que pasar por ese control nun minuto e segundo exacto. Todo o que pases por diante ou detrás será penalizado e gaña o que menos penalizacións teña.

Que novidades hai nesta segunda edición?

Este ano imos montar un parque pechado no mesmo lugar onde vai ter lugar a Feira de Antigüidades de Sarria, porque está relacionado

co mundo dos vehículos históricos. Desde aí poderanse ver os vehículos clásicos que van participar no Rally Regularidad e desde aí sairán cara o Bulevar, de onde sairán para comezar as rutas. Pola tarde, os vehículos participantes sairán de novo desde o parque pechado, pero esta vez cara o Chanto, de onde sairán tamén os participantes da carreira Pretorian Race de Sarria, facendo coincidir na mesma fin de semana tres eventos grandes en Sarria. A intención desa fin de semana é unirnos e facer un



acto grande. Así, sairán cos participantes da Pretorian e finalizará o Rally tamén coincidindo co final da carreira, mentres que os pilotos percorreren os concellos de Sarria, Portomarín, O Corgo e Lánchara. Ademais, ao rematar o Rally Regularidad e a carreira Pretorian vai haber un concerto organizado polo Concello na zona do campo de rugby do Chanto.

Por que son importantes estes eventos en Sarria?

Cando formamos a asociación había socios que adoitaban participar en rallys doutras asociacións, entón nós buscábamos que a xente de aquí coñecera este mundo. Este tipo de eventos arrastra a moita xente, o ano pasado tivemos participantes de León, de Asturias e de toda Galicia, e este ano xa nos preguntaron para participar tanto xente de Francia como de Bilbao. As concentracións son para xente de aquí, de Sarria e arredores, pero aos Rallys de Regularidad vén máis xente e de máis lonxe porque é máis competitivo e move xente. O ano pasado foron 35 vehículos e este ano esperamos que participen máis persoas. Para os participantes é difícil atopar outro evento deste tipo, que reúna unha feira de antigüidades, un Rally de Regularidad e a Pretorian. Para a xente que vén é moi vistoso e van desfrutar de coches que son moi complicados de ver. É unha fin de semana que se pode aproveitar ben.

Teñen axuda de administracións e colaboración de asociacións?

Temos a colaboración do Concello de Sarria, que sempre colabora cando facemos a concentración e o Rally. Da Deputación e da Xunta non temos ningunha, a ver se este ano pode ser. Con respecto ás asociacións, normalmente veñen participar persoas doutros clubs e nós participamos tamén das iniciativas que propoñen eles.

Que máis iniciativas e actividades promoven desde a Asociación?

Os tres eventos que marcados no Club Clásicos de Sarria son o Rally Regularidad, a concentración de vehículos clásicos e o desfile de Nadal, que levamos catro ou cinco anos organizando. Ademais, facemos unha saída cos socios cada mes e medio e imos comer xuntos.

En definitiva, que obxectivos persigue a asociación?

Creamos o club co obxectivo de xuntar a xente de Sarria e comarca á que lle gustase esta afección e que ía a outros sitios a velo. Está baseado en amigos que se axudan para restaurar un vehículo. E tamén queremos dar a coñecer os vehículos doutras persoas porque a xente os tiña gardados e esta é unha forma de sacalos. En definitiva, visibilizamos este sector, porque en Sarria antes non se coñecía o tema dos rallys e ao crear o club e meternos neste mundo, os sarriaos fóronse afeccionando á regularidad.

A Nai Que Me Pariu



O agasallo ideal para a túa nai atópase no Centro Comercial Urbano de Sarria

PARTICIPA NO SORTEO DUN BONO REGALO PARA UNHA FINDE NUN BALNEARIO

O alumnado do Ceip Frei Luís promove o uso da lingua galega

O Ceip Frei Luís de Granada de Sarria rematou a súa andaina no proxecto 21 Días co Galego e + na súa sexta edición, un programa impulsado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística que ten como finalidade promover o uso do galego oral entre a xente nova.

Esta edición desenvolveuse entre o 17 de xaneiro e 6 de febreiro, aínda que previamente o centro realizou múltiples actividades, no que o alumnado foi o protagonista, tanto pola súa galeguización, o obxectivo primeiro, como pola súa participación activa no proceso.

Ademais, o profesorado, as Anpas, as familias e o persoal de administración e servizos do cole "foron deter-



minantes para o éxito da actividade grazas a súa implicación, así como o gran labor do Equipos de Dinamización da Lingua Galega, imprescindible para e facer posible o seu desenvolvemento", explican desde o centro.

Os 21 días comezaron no Frei Luís

cunha Xornada Inaugural coa lectura dun manifesto en prol da lingua, na que Pilar Teijeiro, coordinadora dos Equipos de Dinamización da Lingua da provincia de Lugo, animou aos nenos a falar a lingua das súas avoas e avós e a sentirse orgullosos da súa cultura e tradición.

A residencia de maiores de Sarria está a ser renovada



O Concello de Sarria está a renovar a cuberta e o tellado da residencia de maiores Nosa Señora do Carme a través de fondos da propia administración local cuns 213.000 euros. As obras suporán unha mellora na eficiencia enerxética da residencia e nas condicións térmicas para todos os residentes. Ademais, tamén está previsto actuar no interior para cambiar as cortinas e os riles, uns traballos financiados polo plan Deputación deste ano a través

de 18.000 euros. Con eses fondos acometerase o acondicionamento dunha sala de visitas con arredor de 17.000 euros, comprarase material de cociña con valor de 8.374 euros e actualizarase a zona de fisioterapia por 14.000 euros.

O Goberno quere acollerse a unha axuda do plan estatal de resiliencia para o aforro enerxético e cambiar a carpintería exterior do edificio, que suporía uns 300.000 euros de custo.

Ábrese a rúa Calexa a pesar de non estar construído o muro

O estado da rúa Calexa foi unha constante nas preguntas dos concelleiros populares ao Goberno local, que mantiña a rúa pechada desde abril do ano pasado por mor da demolición do edificio de sete alturas que levaba desde hai 15 anos parado por afectar ao Camiño de Santiago.

Porén, a demolición rematará sen que os seus veciños puideran transitar por unha rúa aparentemente en bo estado e cun edificio que xa non existe. Por iso os populares insistían en preguntar por que non abría.

O PP defendía que o "equipo de Goberno falaba dun corte dunha

duración aproximada dun mes e medio polo derrubamento do edificio, pero a piques de cumprirse un ano seguen instaladas no acceso á rúa da Calexa as vallas e os sinais indicativos do peche da mesma".

Agora, a rúa quedou aberta ao tráfico o pasado 26 de marzo despois de que Félix Seijas, concelleiro de Seguridade Cidadá, supervisara o estado da vía coa Policía. As razóns que motivaron o mantemento da rúa pechada foron "por seguridade" e á espera de que a empresa que realizou a demolición fixese un muro para separar o soar que quedaba da calzada, por-

que podería provocar un risco debido á inclinación do terreo. Con todo, a construción do muro foise atrasando e a día de hoxe non está feito, o que non impediu que o Goberno atendera ás súplicas da oposición e dos veciños e reabriera a rúa, non sen antes colocar un valado provisional de seguridade, aconsellado pola propia Policía Local. Por iso, o concelleiro fixo un chamamento a peóns e condutores para que transiten con coidado pola rúa Calexa facendo mención ao soar, pero tamén ás irregularidades que presenta a estrada, que volverá ser cortada cando a empresa execute o muro.

A Asociación Meigas e Tragos organiza a súa asemblea xeral ordinaria

A Asociación Cultural Meigas e Tragos organiza a súa asemblea xeral ordinaria, que se celebrará o vindeiro 13 de abril ás 19.30 horas en primeira convocatoria e ás 20.00 horas en segunda convocatoria.

O salón de actos do Lar social da asociación, que se atopa no Chanto de Sarria, será o lugar escollido pola directiva para acoller esta sesión.

Así, durante a asemblea, aprobaranse, se procede, as contas

do ano 2023; o orzamento para o ano 2024, revisaranse as obras no tellado do edificio e falaranse doutros temas, como as actividades a desenvolver este ano.

ACTIVIDADES. A Asociación puxo en marcha en outubro actividades de baile e música para a veciñanza, acollendo diferentes agrupacións de baile, segundo a idade; e de música, segundo o instrumento: gaita, pandeireta e percusión.

**PERMUY
GESTIÓN**

CORREDURÍA DE SEGUROS

**¡40 AÑOS DE EXPERIENCIA
ASEGURANDO TU TRANQUILIDAD!**

Obtén el mejor seguro al mejor precio con nuestro asesoramiento profesional.

¡No te pierdas nuestras ofertas de abril!

Ven y descubre nuestras promociones especiales en productos de inversión y seguros de salud y decesos.

¡TE ESPERAMOS!

Rúa da Liberdade, 66 27600 SARRIA (Lugo)

982 53 01 47
982 53 50 68
610 221 677

“Crer na inclusión e a vontade por fomentala é imprescindible”

A Plataforma da Diversidade Funcional Infantil da Comarca de Sarria fomenta o contacto entre as familias con nenos con necesidades e diversidade

Como, cando e por que xorde a Plataforma da Diversidade Funcional Infantil da Comarca de Sarria?

Empezou todo hai un ano, cando nos reunimos na casa de Nieves varias familias que temos nenos con discapacidade e diversidade funcional. Foi iniciativa de Nieves, a quen lle faleceu a súa filla Sabela sen chegar a ter diagnóstico; ela pelexou moito nunha época que nin había neuropediatra en Lugo e tiñan que ir a Santiago. Nesa reunión, ademais de Nieves, estabamos Isabel Pardo e mais eu, Noelia, que teño o neno máis pequeno, Pedro. Alí xurdiu unha primeira rede de apoio, á que se sumaron despois outra mamá, Rocío Arcos, e a coordinadora do Servizo de Atención Temperá (SAT) da comarca de Sarria, Cristina Moscoso. Isabel tiña moita información sobre terapeutas, axudas que se podían pedir... e pensamos que o máis importante era informar ás familias na nosa situación, xa que son moitas cousas as que hai que xestionar, e ao principio sénteste perdido. É moi necesaria unha rede de apoio entre familias para saber que nos corresponde por dereito. Solicitar axudas ás veces é un proceso incómodo e longo, e contar co apoio de xente que xa o fixo e sabe como vai, pois é un factor importante. Ter unha rede emocional e de apoio mellora a vida das familias con nenas e nenos con diversidade funcional, necesidades especiais ou discapacidade.

Que iniciativas levan a cabo?

O primeiro que xurdiu foi o tema das horas sen son nas atraccións das festas de Sarria. O primeiro que se interesou foi o grupo municipal do BNG, e rapidamente o grupo de goberno do Concello tamén se interesou polo tema, e conseguimos que houbera unhas horas nas que non había son nas atraccións. Hai nenos con diversidade funcional que presentan hipersensibilidade auditiva e non poden gozar das actividades onde o son é elevado. Esta medida foi moi ben acollida

ñan unha partida económica para comprar uns xogos para os parques de Sarria, e querían saber a nosa opinión para adquirir algúns que foran inclusivos. E conseguimos sete xogos: dous bambáns adaptados, tres en forma de berce cunhas barras para poder arrandearse como os demais nenos, e tamén un balancín e un bambán en forma de tea de araña. A finalidade é promover que todos os parques sexan o máis inclusivos posible en Sarria e ao redor da comarca. Logo tamén fixemos unha exposición na



de funcional ou discapacidade de maneira cotiá ou en terapias para favorecer o seu desenvolvemento. Tivemos moito éxito, conseguimos que 319 persoas asistiran ás visitas guiadas, entre elas varios grupos de centros educativos. Ademais, colaboramos no concerto de Santa

estivo ben porque proxectamos un vídeo de nenas e nenos con discapacidade e necesidades especiais, e tivo moita repercusión en Sarria, xa que puxemos en valor a estas persoas e démoslles o seu momento. Agora temos que seguir co tema de mellorar os parques, no Concello de Sarria e tamén noutros concellos, como o de Samos, onde tivemos contacto co Concello e colaboramos coa comunidade educativa do Ceip aportando ideas de xogos inclusivos de cara a futuras melloras nos parques. Tamén estamos programando algunha sesión de formación, temos terapeutas e expertos que colaboran con nós que darán charlas a familias e docentes, porque no ámbito educativo tamén é interesante formar aos educadores nestes temas. Intentamos tamén que saíra adiante un servizo de terapia na piscina, pero foi difícil porque necesitamos terapeutas especializados que dean terapias durante todo o ano a nenos e nenas con discapacidade motora e outros nenos con necesidades que necesitan tamén terapia na piscina. Temos unha piscina climatizada en Sarria na que se podían impartir estas terapias, pero é fundamental que as dean fisioterapeutas con formación en pediatría. Retomar ese tema será un obxectivo noso para este ano.



polas familias de nenos con diversidade funcional ou discapacidade, e tamén por outras familias ás que tamén lles molestaba ese ruído. Desde aí viñeron as cousas rodadas. O concelleiro de Parques e Xardíns, Borja García, púxose en contacto con nós e díxonos que ti-

Casa da Cultura con materiais que utilizan as persoas con discapacidade, co fin de visibilizar e poñer en valor as dificultades coas que se atopan estes nenos no seu día a día, e de que forma se adaptan os diferentes materiais para poder utilizar as persoas con diversidade

Cecilia da Banda de Música municipal, que estivo dedicado ás persoas con discapacidade. Nel houbo unha intérprete en lingua de signos copresentando; non conseguimos traer mochilas vibratorias para que as persoas con discapacidade auditiva gozaran do concerto, pero

maderas grandas

MADERAS Y DERIVADOS
PUERTAS
ARMARIOS
COCINAS Y COMPLEMENTOS
TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)
Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731
www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

¿TIENES TU APARTAMENTO / PISO PARADO GENERÁNDOTE GASTOS?*

*SOLO SARRIA (CASCO URBANO)

¡SÁCALE RENTABILIDAD YA A TU PISO!!!

TOURIST HOME
GESTIÓN DE PISOS TURÍSTICOS
Tfno: 650 082 298

GESTIONAMOS TU PISO A LA CARTA
NOS ENCARGAMOS DE TODO

- Promoción en Internet
- Limpieza general
- Lavandería
- Sólidas referencias

INFÓRMATE SIN COMPROMISO

Sería unha atención terapéutica a maiores das que xa ofrece o Servizo de Atención Temperá da comarca. Se algún ou algunha fisioterapeuta de Sarria estivera interesado en formarse en hidroterapia, sería estupendo. Pero a actividade máis próxima que temos en marcha é unha charla de Inclusión escolar do alumnado con necesidades educativas especiais, o sábado 20 de abril ás 11.00 horas no Salón de Actos da Casa da Cultura de Sarria. A entrada será libre e gratuíta ata completar a capacidade. Nesta charla trataranse temas como a orientación escolar, valoración específica, figuras de apoio (coidadoras, PT e AL), adaptacións metodolóxicas e curriculares, bolsas de necesidades educativas especiais, etc.

Con que axudas contan?

Temos axuda das persoas que traballan con persoas con discapacidade, terapeutas, familias... e tamén temos apoio dalgúns centros educativos, como por exemplo, o Ciclo Medio de Atención a Persoas en Situación de Dependencia do IES Xograr Afonso Gómez, ou as docentes de 3º de Primaria do Ceip Frei Luís de Granada, que contaron coa nosa colaboración nun programa educativo no que participa o seu alumnado. En canto aos políticos, contamos co apoio do grupo de goberno do Concello de Sarria e do BNG, e o grupo municipal do PP tamén mostrou interese nas iniciativas da nosa Plataforma. Ademais, reunímonos co vicepresidente e a deputada de Cultura da Deputación de Lugo e esperamos que se vaian promovendo medidas a nivel provincial. Nós imos falar con todo o mundo, porque non é unha cuestión de partidos políticos, desde todos os partidos entenden isto como algo necesario. Hai algúns que se implican máis e outros menos, pero nas actividades que fixemos estiveron todos involucrados. **Que necesidades hai no rural que están resoltas no ámbito urbano?**



É necesario que se acheguen todos os recursos dispoñibles ao rural, porque unha persoa que teña discapacidade ou diversidade funcional nunha cidade ten recursos de proximidade. Pero en Triacastela, por exemplo, para algunhas te-

“Temos que seguir co tema de mellorar os parques, en Sarria e tamén noutros concellos, en Samos xa tivemos contacto coa comunidade educativa”

rapias concretas teñen que desprazarse a Lugo ou a Monforte. Isto crea moito cansazo ao neno e tamén ás familias, polo tema da conciliación familiar. A intención é que todo neno, viva onde viva, teña acceso aos mesmos recursos e coa mesma calidade de atención e terapias. No rural tampouco hai tanta diversidade de terapias, polo que temos que aproximar os servizos aos concellos do rural. Sarria é unha vila grande e podemos solici-

tar este tipo de cousas, pero nun concello pequeno é moito máis difícil. Unha cousa que queremos poñer en valor de forma profunda é o gran traballo que se fai nos centros educativos dos concellos do rural, que ás veces son un exemplo para outros centros urbanos pola súa intención e vontade. Isto demostra que hai cousas que si que se poden facer cando tes motivación e cres de verdade na inclusión. No rural, en xeral, hai unha humanización maior e unha atención maior a estes nenos que no ámbito urbano. Incluso tendo menos recursos, menos coidadores, menos mestres en Pedagogía Terapéutica (PT)... aínda así fan cousas que requiren un gran esforzo e que hai que valorar.

Que necesitan os centros educativos para promover a inclusión?

Nos centros educativos faltan moitas cousas, faltan medios sobre todo por parte de Educación. Hai moitísima diferenza entre os centros públicos e os concertados. Nos concertados, Educación non manda recursos específicos para as necesidades educativas especiais, nin a maioría destes centros os aportan por si mesmos. Así, a maior parte dos nenos con diversidade funcional son escolarizados en centros educativos públicos. A

vontade de inclusión é fundamental, porque por moitos recursos que haxa, se non cres na inclusión, é imposible levala a cabo. Obviamente, hai recursos imprescindibles. Unha nena ou neno con discapacidade debe ter un coidador

“Todo neno, viva onde viva, teña acceso aos mesmos recursos. No rural tampouco hai tanta diversidade de terapias, polo que temos que aproximalas”

se así o necesita para poder formar parte dunha educación pública de calidade regulada, e tamén unha adaptación pedagóxica dos contidos e materiais para seguir o ritmo dos demais alumnos. Para esa adaptación, concretamente, débese contar cun PT, e non pode ser que vaia só dúas horas a cada centro, porque así non pode atender a toda a diversidade que hai. Igual no caso de Mestres en Audición e Linguaxe (AL). A orientación

educativa e o equipo docente de cada centro deberían pelexar para conseguir eses recursos, e que non teñan que facelo os pais, que xa bastantes problemas e obstáculos teñen en xeral e fóra da escola como para ter que pelexar por cada recurso necesario para que a educación dos seus fillos sexa realmente inclusiva. A inclusión é boa para as nenas e nenos con diversidade funcional ou con discapacidade, pero tamén é importante para o resto do alumnado, que así entenden que na sociedade existe diversidade.

Con respecto ao deporte, que necesidades hai e que se precisa?

Tamén é necesaria unha inclusión real no deporte, promovendo que os nenos e nenas con diversidade poidan participar das mesmas actividades que os demais e fomentando que haxa recursos inclusivos para eles co fin de desenvolver a actividade deportiva dunha maneira normalizada.

Con que accións se conseguiría unha inclusión real na sociedade?

Necesitamos visibilidade, as realidades dos nosos nenos e nenas moitas veces non se coñecen nin se entenden. É preciso unha maior concienciación coa diversidade funcional, a discapacidade e as necesidades especiais para poñer en valor as dificultades que afrontan todos os días estas persoas e para dirixirnos cara a un modelo de sociedade que teña a inclusión real como obxectivo compartido. Agora temos cada vez máis persoas maiores con dificultades e con mobilidade reducida, ou con enfermidades limitantes como as dexenerativas, e entón a xente empeza a darse de conta de problemáticas como, por exemplo, as barreiras arquitectónicas.

Podes ler a entrevista completa en www.sarriaxa.com

SONDEOS CORDERO

Especialistas en pozos de barrena

Máis de 30 anos de experiencia traballando en la comarca de Sarria

- Distintos diámetros de perforación desde 125 mm hasta 200.
- Electrobombas solares y eléctricas.
- Hacemos pozos dependiendo de las necesidades de cada cliente.

¡PIDANOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO!

Tfno.: 629 070 720
Triacastela Lugo



CARNICERÍA
Noda





TERNERA PAÍS RUBIA GALLEGA

- Calidad Suprema •
- Tradición y Sabor •
- Cría tradicional •

DIEGO PAZOS 91 BAJO, 27600 SARRIA
TFNO.: 689 412 953 - 982 533 052

Os veciños afectados pola liña de alta tensión presentarán propostas



Os veciños de Fontebuín de Sarria organizaron unha reunión para tratar o tema da afectación que van sufrir pola futura liña de alta tensión que dará servizo a uns parques eólicos.

Estes son de 220.000 voltios e evacuarán enerxía de Becerreá ata Chantada, polo que os veciños temen que a liña poida ter

impacto ambiental negativo sobre o rural e tamén nas zonas urbanas, onde podería afectar á saúde das persoas que viven aí. Por isto, o alcalde de Sarria, Claudio Garrido, díxolles que podían presentar as súas propostas á Alcaldía arredor de trazados alternativos e comprometeuse a defender os intereses dos veciños.

A Xunta renovará o Convento da Mercé cunha achega de 37.000 euros

A Xunta de Galicia licitará nas vindeiras semanas as obras de restauración do claustro do Convento da Mercé ou Mosteiro da Magdalena de Sarria, tal e como anunciou o conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidades en funcións, Román Rodríguez, nunha visita a este ben situado ao pé do Camiño Francés. O responsable autonómico de Cultura puxo en valor o traballo do Goberno galego coa salvagarda do patrimonio cultural de toda a Comunidade, nomeadamente daquel que, coma neste caso, está vencellado á Ruta Xacobeá.

A actuación que se porá en marcha cunha achega de máis de 370.000 euros está dirixida a resolver os problemas de deterioro da tarima, así como a mellorar a instalación eléctrica e de

iluminación do ben. Para iso, os traballos que está previsto levar a cabo comezarán na sancristía coa eliminación das humidades, a substitución da actual escaleira que une coa planta alta e o acondicionamento do espazo sobre esta como lugar expositivo e de almacén de pezas históricas. Ademais, o proxecto inclúe o picado dos morteiros de cemento, tanto na planta baixa como na sancristía, a eliminación de elementos descontextualizados o acondicionamento do espazo sobre o refectorio para usos culturais e relixiosos mediante a renovación da iluminación e das fiestras. E na zona do patio renovaranse as carpinterías exteriores, a reforma da escaleira e a instalación dun novo sistema eléctrico e de iluminación acorde co espazo monumental.

A II Concentración Motera de Sarria Bikers será en maio

O Motoclub Sarria Bikers organiza a súa segunda edición da Concentración Motera durante os días 10, 11 e 12 de maio.

Durante os tres días nos que se desenvolverá esta edición, están organizadas diversas actividades para os participantes e as persoas que se acheguen a desfrutar desta edición. Así, o venres ás 16.00 horas abriranse as inscricións, e ás 22.00 horas terá lugar unha pancetada, que virá seguida dun concerto de La Disquetra e Dj Cendoi ás 23.30 horas.

Pola súa parte, o sábado 11 ás 09.30 horas abriranse as inscricións e almorzarase, xa que ás 10.30 horas terá lugar a primeira ruta moteira, que rematará ás 14.00 horas cunha sesión vermú da man da Charanga Louband e pinchada. Ás 15.30 horas desenvolveranse uns xogos moteiros e haberá un coche mecánico e ás 18.30 horas será a exhibición moteira no Campo da Ribela. Pola súa parte, ás 20.00 horas celebrarase unha ruta de fa-



chos e bandeiras en memoria dos moteiros caídos, e ás 21.30 horas terá lugar a cea no pavillón, que estará acompañada polo concerto do grupo Arizona e o Dj Cendoi a partir das 23.00 horas. Por último, o domingo 12 ás 09.30 horas abriranse as inscricións e almorzarase, xa que, de novo, ás 10.30 horas terá lugar a ruta moteira. Ás 13.00 horas farase o sorteo, daranse os agradecementos e entregaranse os trofeos. Todo rematará ás 14.00

horas coa comida no pavillón, coa que se porá punto e final ao evento. As persoas interesadas poderán apuntarse por 45 euros, no que se incluírá a bolsa de benvinda, a caña de benvinda, a pancetada, todas as pinchadas, a exhibición moteira, o almuerzo dos dous días, a cea do sábado, a comida do domingo, os sorteos e trofeos e a acampada no pavillón. Quen o prefira, pode apuntarse a un día só por 30 euros e desfrutar de todas as actividades.

Os comerciantes da feira non aceptan as taxas establecidas polo Goberno

Os comerciantes da feira de Sarria, despois de facer unha recollida de firmas entre os vendedores do mercado, presentaron un escrito no Concello reclamando a modificación da ordenanza. Así, consideran que a taxa de cobralles segundo o metro cadrado é abusiva e piden que se cobre polo metro lineal, como estaba establecido ata o de agora. Os comerciantes din que é inasimilable pagar en función do metro cadrado porque "non existe en ningunha feira de España", e aseguran que non o van aceptar. No escrito, recóllese a opinión dos comerciantes, que acusan ao Goberno local de querer acabar coa feira de forma encuberta. Pola súa parte, desde o Goberno lembran que Tesourería e Interven-

ción advertiron de que na ordenanza aprobada en 2002 e que estivo vixente ata agora había un erro de transcripción e tívose que corrixir.

PETICIÓN DO PP. O Grupo Municipal do Partido Popular insta ao Goberno a buscar unha solución á problemática dos postos da feira se realmente quere dinamizar a actividade en Sarria. "Agardamos que deixe de poñer excusas e que, tal e como demandan os feirantes, leve a pleno a modificación da ordenanza substituíndo a referencia 'por metro lineal' por 'metro cadrado' que, de presentarse como punto independente, contará co noso apoio", explica a voceira, Carmen José López. Os populares critican que o alcalde, en

lugar de intentar buscar a corrección no erro da ordenanza intentase empregar esta situación como excusa para meter "de tapadillo" unha subida exponencial das taxas para as polbeiras.

O Grupo Municipal do PP invita a que, ademais de poñer remedio a esta cuestión concreta, "o Goberno se poña a traballar para buscar fórmulas que potencien este activo que acumula séculos de historia no noso municipio e que hai que intentar revitalizar". López subliña que "ademais de actuacións de mellora no recinto, a feira de Sarria ten moitas posibilidades de dinamización e promoción" e, por iso, propoñen ao a elaboración dun plan para o que amosan a súa colaboración.

STIHL

PRESUME DE JARDÍN

CON LA CALIDAD PREMIADA DE LA BATERÍA LITHIUM.

UNA BATERÍA PARA TODAS TUS MÁQUINAS

DESCÚBRELAS EN TU TIENDA ESPECIALISTA STIHL

OFERTA PRIMAVERA 2024

Ferretería Sarria

Pedro Saco 33, Sarria.
Telf. 982 532 202

CREADOS

- PSICOPEDAGOGÍA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)
- ESTIMULACIÓN PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TECNICAS DE ESTUDIO

INFANTIL **PRIMARIA** **ESO**

¡Infórmate sin compromiso!

Calvo Sotelo, 183 Bajo
27600 Sarria (LUGO)
626 21 86 28

Ti elixes... Comida a domicilio

PIZZERIA PAPARAZZI
¡¡OFERTAS ESPECIALES!!

-50%
-25%

Martes
8€

Reservado a domicilio
 Calle Diego Páez, 29 - Sarria - T. 982 530 021

CAFETERIA

SERVICIO A DOMICILIO
 Tel. 982 530 021

Café Sobalo, 12
 27500 SARRIA (Lugo)



... Comida para recoller

CERVECERÍA ESPAÑA
 ¡¡LO BUENO LO ELIXES TÚ!!

CERRAMOS LOS MARTES

ESPECIALIDAD EN NUESTROS CUBIERTOS: RABONES DE POLLO ORIENTE, TIRAS, ALFOS, ENCHOFAS AL AGU Y FRIEDS, TARTAS DE POLLO, BURRITOS DE TERNERA, COCINAS, EMPANADAS, CILIMARIS Y CHIFONES...

VARIADOS DE TORTAS... **COMIDA PARA LLEVAR**

CALLE DIEGO PÁEZ 29, BAJO, SARRIA - TEL: 671 407 060

CAFETERÍA EL PARISIEN
 Comida para llevar

Especialidad en raux, libras de embutidos e queiros, racións casleiras, hamburguesas premium...

Café Sobalo, 180 - T. 982 530 491 - SARRIA

CAFÉ CUBAN

COMIDA PARA LLEVAR

1º PREMIO XV CIBER TAPICHEO'22

Melina López 100, SARRIA - cafeteriabarcubano@gmail.com
 Tfn: 982 666 580

TAPERIA EL JATO

Comidas por encargo
 Raciones a medida

COMIDA PARA LLEVAR

AVDA. DE SAN XOSÉ, 10 - SARRIA - TEL: 982 530 491

COMARCA

Sarria foi o epicentro dun terremoto en Lugo



O pasado 15 de marzo rexistrouse un movemento sísmico cunha magnitude de 3.7 acaba de ser rexistrado na provincia de Lugo sobre as 16.39 horas deste venres, segundo os datos recollidos polo Instituto Xeográfico Nacional (IGN). O epicentro do terremoto situouse na parroquia de Betote, a preto de dous quilómetros de Sarria.

O sismo tivo unha intensidade baixa, polo que non deberían producirse danos materiais nin persoais.

Notouse especialmente en Sarria e na capital provincial, aínda que tamén puido apreciarse noutras localidades como Láncara, Castroverde, Rábade, Begonte, Baralla, Becerreá, Cospeito, Portomarín, Pol ou Outeiro de Rei. De feito, nalgúns concellos os veciños saíron á rua asustados polo breve move-

mento de terra, que durou uns segundos, e polo ruído que lles semellou de maior intensidade que a que se rexistrou segundo a escala Richter.

Pola súa parte, noutros municipios como Escairón ou Monteroso sentiron o ruído pero non tanto o movemento, que tamén notaron na zona da costa e en localidades como Chantada, Taboada ou Monforte.

Segundo o IGN o tremor tivo unha profundidade de 0 quilómetros, polo que foi na superficie. Moitas persoas alarmadas polo sismo quixeron compartir a situación a través das redes sociais. "Foi como unha explosión seguida dun breve tremor", "pensei que fora de máis intensidade, que se movía todo e máis o ruído" ou "moveuse todo" foron algúns dos comentarios dos lucenses.

Renóvase o túnel de Oural, mellorando a liña de ferrocarril

A renovación integral da liña de ferrocarril convencional Ourense-Monforte de Lemos-Lugo entra nunha nova fase a través da canle do novo túnel de Oural de 1,9 km. Adif está a facer obra en paralelo ao actual ao que substituirá e pon punto final á escavación en avance no túnel desde cada unha das súas bocas, que progresou a un ritmo de 5 metros diarios.

Nos próximos meses, completárase o estrago do túnel, de 52 metros cadrados de sección, para despois tender a vía, que se montará en placa sobre formigón e, posteriormente, o resto dos equipos: electrificación, sinalización comunicacións e protección. O novo túnel albergará vía única electrificada e contará con tres saídas de emerxencia, que conectarán coa galería de evacuación, na que se converterá o túnel actual, unha vez que se levanten a vía e o resto dos equipos ferroviarios.

Unha das tres galerías de evacuación será apta para vehículos e o túnel terá pasos de súas vías, para acceso de vehículos de mantemento ou emerxencia. O túnel de Oural é unha das principais actuacións do plan de renovación integral que se impulsa na liña Ourense-Monforte de Lemos-Lugo de 117 quilómetros, á que se destina un investimento de máis de 550 millóns de euros, mobilizada na súa práctica totalidade, para reforzar a súa fiabilidade e capacidade e contribuir a unha mellora dos tempos de viaxe deste trazado, que conecta coa liña de alta velocidade en Ourense.

AVANCES. O novo túnel de Oural



desenvólvese en paralelo ao resto de actuacións do plan: a renovación de vía, o reforzo de pontes e túneles, a electrificación do tramo Monforte-Lugo e adaptación a 25 kV da actual electrificación do Ourense-Monforte, a renovación de sistemas de sinalización e telecomunicacións, a modernización da estación de Monforte e a construción da nova estación de Lugo. Entre Monforte e Lugo, complétanse as actuacións en vía e infraestruturas, tras despregar 100.000 novas travesas e 130.000 m3 de balastro. Tamén se ampliou o gálibo, para albergar os postes e equipos de electrificación, e reforzaronse 56 pontes e 7 túneles. Unha vez renovadas as súas vías, avánzase agora no paso inferior entre plataformas da estación de Monforte; a adecuación do resto de estacións; e na pasarela peonil en Sarria, que reforza a permeabilidade de Mazadoiro.

Entre Ourense e Monforte ampliou-se o alcance das actuacións para ampliar os gálibos nos 13 túneles do tramo e equiparar as súas prestacións

aos corredores europeos. As obras de renovación neste ámbito avanzañ afrontando o gran reto técnico e de planificación que expón a orografía que fai, por exemplo, que nalgúns puntos se precise desmontar instalacións ferroviarias para o acceso de maquinaria e volver montalas despois.

En paralelo, abórdase a montaxe e adecuación de electrificación e a instalación de novos sistemas de sinalización e telecomunicacións en toda a liña. A renovación da liña contribúe aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) en canto a infraestruturas sostibles, fiables e de calidade, sustentabilidade e crecemento económico e xeración de emprego. A construción do novo túnel, así como as actuacións relacionadas coa renovación de vía e infraestruturas, a adecuación de pontes e viadutos e a ampliación de gálibos en túneles e pasos superiores, conta con financiamento europeo a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

ALBORADA
CLÍNICA VETERINARIA

- MEDICINA PREVENTIVA
- MEDICINA GENERAL
- CIRURXÍA TEJIDOS BLANDOS
- PELUQUERÍA
- TIENDA ESPECIALIZADA
- LABORATORIO
- DIAGNOSTICO POR IMAGEN

y mucho+

URGENCIAS 24H
646 046 954

WWW.CVALBORADA.COM · 982 53 36 59
Rúa Caneiro, 1-3, baixo · 27600 · Sarria · Lugo

Audio Sarria
CENTROS AUDITIVOS
Nº de Registro Sanitario: E-27000398

AUDÍFONOS RECARGABLES
¡Y olvidese de las pilas!

- Pruébelos SIN COMPROMISO
- Revisións GRATUÍTAS
- FINANCIACIÓN hasta 18 meses sin intereses

*SUPER GARANTÍA HASTA 5 AÑOS PARA PÉRDIDA O ROTURA

C/ Matías López, 63-bajo | 27600 · SARRIA (Lugo) | Teléfono: 982 531 191 / 669 548 976 | audiosarria@gmail.com

Máis de mil persoas pasaron polo Camiño Francés a diario

Un ano máis, o Camiño de Santiago foi unha das actividades con maior éxito durante a Semana Santa, acollendo máis de 13.500 peregrinos que chegaron a Santiago de Compostela, segundo os datos da Oficina do Peregrino; o que achega datos similares aos recollidos na mesma festividade do ano pasado. A pesar do intenso temporal, persoas procedentes de todos os puntos de España e de fóra acudiron a percorrer os diversos camiños que forman o Camiño de Santiago, sendo o Francés un dos máis solicitados.

Así, Jorge López, presidente da Asociación Amigos do Camiño de Sarria, sostén que “sobre todo o primeiro fin de semana, o 20 e 21 de marzo, a afluencia de xente foi espectacular, superando as 1.000 persoas que pasaron por Sarria diariamente”, explica. Di que tamén foron moitos os que percorreron o Camiño durante a semana, do luns



ao Domingo de Pascua; porén, menos dos esperados debido ao tempo meteorolóxico”. Así, argumenta que moitos decidiron comezar o Camiño Francés en Ponferrada ou desde máis lonxe e “a neve de Pedrafita atrasounos debido ao frío”, explica, “polo que pararon en Sarria e decidiron deixar o Camiño porque xa non lles daba tempo a rematalo, para recuperalo en

verán”. Pese ao mal tempo, desde a Asociación sosteñen que foi “un bo arranque de tempada”, xa que “se non fora pola neve, a chuvia e o frío, superariamos os datos do ano pasado” e iso semella que o verán virá cargado de novos peregrinos que se sumarán ao Camiño, cada vez máis valorado entre as actividades para desfrutar durante as vacacións.

A Deputación urxe á Xunta completar os km do corredor Nadela-Monforte



A Deputación de Lugo urxiu no pleno á Xunta de Galicia a acometer o desdoblamento da totalidade do trazado do corredor Nadela-Monforte para que a provincia de Lugo teña en servizo o antes posible a AG-22. Acordouse por unanimidade a proposta do PSdeG e cos votos a favor do BNG e do PP.

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, evidenciou a necesidade de completar esta importante arteria de comunicación por estrada para “conectar o centro da provincia co sur da provincia, unha comarca moi poboada e que turisticamente é moi atractiva, o que fai que sexan precisas unhas boas comunicacións que agora non temos”.

O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, defendeu a proposta pedindo a redacción dun proxecto global para executar o desdoblamento dos quilómetros que faltan para completar o corredor, un total de 54. “Ata o de agora o único que vimos foi unha política da Xunta de executar a pedaciños, e iso non serve, porque temos que facer unha

análise máis global da situación. Estamos falando dunha estrada que soporta un alto volume de tráfico, tanto de transporte de mercadorías como de turismo”. Lembrou que se trata dunha demanda social, referendada por varios acordos tamén unánimes no Parlamento de Galicia, pero “que vén atopando atrancos e atrasos cos que a Xunta de Galicia está desenvolvendo este proxecto”.

Deste xeito, fixo referencia a que a primeira licitación, a do treito A Pobra de San Xiao-Sarria, non se realizou ata o ano 2017, quedando inaugurado cinco anos despois. Explicou que foi no 2022 cando se licitou o seguinte tramo, Nadela-A Pobra de San Xiao, “16 quilómetros que a Xunta non ten previsto inaugurar ata 2026”.

Rivera Capón foi claro ao reivindicar un proxecto que camiñe cara vertebrar a provincia de Lugo. Trátase da solución máis axeitada “para reducir o número de accidentes que se producen, pois a vía ten carencias de seguridade que se poderían solucionar co desdoblamento da estrada”.

Láncara, Paradela e Samos poderían contar cun obradoiro dual de emprego

Os concellos de Láncara, Samos e Paradela veñen de firmar un convenio de Mancomunidade para poder solicitar á Xunta de Galicia un obradoiro de emprego dual conxunto. Así, con concello á cabeza Láncara, queren dispoñer deste obradoiro para formar a 20 alumnos, 8 en Láncara e 6 en Samos e Paradela;

durante 9 meses, de xullo de 2023 a febreiro de 2025. A formación será o 35 % do obradoiro e o 65 % de traballos de xardinería, forestal e conservación dos espazos públicos do Concello. No caso de Paradela, a intención e mellorar o Paseo do Malecón e a ruta do Loio, actualmente pechada; no de Samos

actuará na contorna das piscinas e no xardín botánica da Horta da Botica e o acondicionamento de toda esa zona o redor da praza Vergara Vilariño. En Láncara en outros espazos. Agora están á espera de que a Consellería de Emprego lles teña en conta para aprobar este obradoiro que non pedían hai moitos anos.

O 27 de abril celebraranse os primeiros Cantos de Taberna

A Asociación de Comerciantes de Samos organiza a celebración da primeira edición dos Cantos de Taberna da vila o vindeiro sábado 27 de abril. Co apoio do Concello de Samos, celebrarase este evento co fin de dinamizar a hostalaría e o comercio da vila, tal e como se fai noutros concellos, como o de Sarria.

Chus López, alcaldesa de Samos, decidiu investir parte dos orzamentos de Cultura do Plan da Deputación en celebrar os Cantos de Taberna e a oferta cultural no municipio.

A ASOCIACIÓN. A Asociación de Comerciantes e Artesáns de Samos fundouse no ano 1993, coincidindo co ano Xacobeo no que o Camiño de Santiago tamén foi considerado Patrimonio da Humanidade e no que se empezou a promover o hoxe coñecido, Camiño Francés.

Desde aquela veñen organizando actividades como a Feira de Artesanía, que se recuperou o ano pasado despois de quedar parada en 2028; ou a Ruta de Tapas, que este ano cumprirá 13 anos de vida na vila.

O PP critica a suba de prezo do SAF e o Goberno defende que non se fixeron cambios

O voceiro do PP de Samos, Miguel Gallego, denuncia que “as melloras que tiña previstas a alcaldesa para o SAF que depende do Concello son pagar máis polo mesmo”. Di que os veciños que son usuarios deste servizo están recibindo unha carta onde se lles comunica a suba do prezo por hora de servizo. Porén, desde o Goberno local explican que desde o Concello non se fixo ningún cambio no prezo nin taxa de pago. A porcentaxe de suba correspóndelle á Xunta, así como “nalgún caso, a algún usuario púidolle cambiar o prezo a cobrar se lle cambiou substancial-

mente o patrimonio”, explican. O PP insiste en que “é unha suba esaxerada, que contrasta co servizo que subvenciona a Xunta de Galicia, o de atención a dependentes, que mantén o mesmo prezo. O prezo por hora na maioría dos casos duplicouse”.

Dende o PP de Samos entenden “o descontento e preocupación veciños” porque “lles supón facer un gran desembolso monetario, cando moitos deles son persoas con ingresos limitados, o que vai repercutir en moitos casos na redución de horas ou en que teñan que deixar de recibir o servizo”.

Inaugúrase a praza Vergara Vilariño e o museo etnográfico

A praza Vergara Vilariño de Samos foi inaugurada na Horta da Botica este 28 de marzo despois de pasar un ano en obras, nun acto promovido pola Asociación de Comerciantes e o Concello de Samos.

Neste evento participou, ademais de veciños e veciñas, o Valador do Camiño, Luís Celeiro, e diversos familiares do poeta Fiz Vergara que foron testemuñas da colocación dunha placa conmemorativa e un poema de Fiz Vergara do ano 1994 para renderlle homenaxe. Ademais, despois celebrouse unha comida no Restaurante Hotel A Veiga.

UN NOVO MUSEO. Ademais da inauguración da praza, ese mesmo día tamén tivo lugar a presentación do Museo Etnográfico do samanense Pío Préstamo, que leva toda a vida recollendo obxectos antigos relacionados co campo, os oficios e os labores da



casa no ámbito rural, que presentou no seu museo.

Pío, de profesión carnicero en Samos desde 1983, ten 83 anos e conta cunha gran colección privada de obxectos que leva recollendo desde a súa xuventude co obxectivo de conservar o pasado e agora ofréceco para que tanto os seus veciños como turistas e peregrinos poidan coñecer os costumes da vida rural galega.

Polo seu traballo, foi percorrendo a provincia de Lugo e coñecer as parroquias que conforman os diferentes concellos, achegándose á vida das persoas que formaban eses pobos. Desá maneira, foi mercando pezas antigas para a súa colección persoal que estaba motivada pola necesidade de preservar as ferramentas que caracterizaban os traballos tradicionais da zona rural de Galicia.

A nacionalista Ana Pontón pide implicación da Xunta no municipio

A portavoz nacionalista, Ana Pontón, realizou unha visita ao Concello de Samos onde mantivo un encontro co Goberno municipal para coñecer as cuestións que máis preocupan, como o financiamento dos servizos públicos no relativo ás vivendas comunitarias.

Así, o BNG demanda unha maior implicación económica da Xunta

no financiamento das vivendas comunitarias e do apartamento tutelado de Samos, tendo en conta que o Concello se ve obrigado a cubrir unha parte dos gastos con orzamentos municipais para compensar a “insuficiente colaboración do Goberno de Rueda, pese a que o dereito a vivenda excede o ámbito local”.

Samos conta con dúas vivendas comunitarias para a terceira idade e un apartamento tutelado no mesmo edificio e Pontón referiuse a estas vivendas como “caso paradigmático” dos problemas financeiros que soportan os concellos, que moitas veces teñen que asumir o custo de servizos que non son da súa competencia.



REVESTIMIENTOS FONTAL

INTERIORES Y EXTERIORES EN YESO, MORTERO Y MONOCAPA • PLADUR Y REFORMAS

Plaza de Galicia, 6-8 SARRIA (Lugo)
Tel.: 982 532 571 / Móvil: 629 924 572



albisar
CONSTRUCCIONES Y CUBIERTAS

ESPECIALISTAS EN REFORMAS Y REHABILITACIONES

CUBIERTAS DE PIZARRA
COLOCACIÓN DE PIEDRA
ESTRUCTURAS DE NAVES
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES
OBRA NUEVA

LG. VILAMEA, 2 - 27619 SARRIA - TFNO.: 616 212 698



Construción do aparcadoiro da área industrial de Paradela

A Deputación de Lugo constrúe un aparcamento no polígono de Paradela cun investimento de 130.000€



Está situado na entrada do polígono, xusto ao carón da estrada provincial LU-P-4201, á altura do quilómetro 1,2 e, cunha superficie de 1.720 metros cadrados, conta con 42 prazas, dúas delas adaptadas.

Estase a executar a construción do aparcamento no polígono industrial de Paradela, que xestiona a propia Deputación de Lugo, por un importe de algo máis de 130.000€. A empresa adjudicatária é Ogalia Contratas. Un estacionamento co que a institución provincial dotará de máis servizos ás empresas e será un valor engadido para atraer novos proxectos empresariais á zona.

Os traballos consisten na demolición do muro de mampostería existente e tamén do firme da estrada provincial no lugar no que se vai facer o estacionamento. Así mesmo, é necesario retirar terra e facer desmonte, ademais de escavar pozos para a rede de pluviais.

Contémpase tamén a colocación da tubaxe para canalizar a auga e sumidoiros. Logo, faise o correspondente alfinado, pavimentación e sinalización, tanto horizontal coma vertical.



A DEPUTACIÓN MELLORA OS SERVIZOS DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE PARADELA

Obras realizadas por:

Ogalia

triacastela

Desenvolveuse o primeiro Obradoiro de Cana Simple

A Banda de Música da Comarca de Sarria organizou os días 5, 6 e 7 de abril o primeiro obradoiro de Cana Simple dirixido a estudantes e afeccionados de clarinete ou saxofón desde os 8 anos no Ceip Eduardo Cela Vila. Nel, realizouse un traballo específico das seccións de clarinete e saxofón que integran as bandas de música, especialmente as da nosa provincia de Lugo. A través dun repertorio escollido, o curso

tiña como obxectivo redundar no número de músicos e no seu nivel musical, supoñendo unha mellora das seccións de clarinete e saxofón das bandas que participan e que forman parte así da Banda. Ademais, as xornadas tamén se basearon na convivencia. Ademais da música e do compañeirismo, tamén se aproveitou para desfrutar da contorna da alta montaña de Triacastela.

A CHMS mellorou a capacidade de desaugadoiro dos ríos

A CHMS investiu máis de 100.000 euros na mellora da capacidade de desaugadoiro dos ríos de Triacastela. Os traballos foron executados nos leitos da Balsa, Santalla, Oríbio e Tras da Pena, nun total de máis de 11,5 quilómetros. Na inspección previa observouse a necesidade de mellorar a capacidade hidráulica do leito e a composición da vexetación de ribeira, ademais de detectar gran cantidade de madeiras inertes e tapóns illados. Así, procedeuse á retirada de árbores secas, enfermas ou

con pouca estabilidade que presentaban perigo de caída ao leito e que poderían afectar a infraestruturas próximas. Tamén se realizaron rozas selectivas de matogueira perimetral, poda e clareo de ramas baixas e curta sanitaria de pés secos para evitar tapóns. En canto o caudal permita traballar con seguridade, executarase unha nova actuación no regato da Balsa, lindeiro co Camiño de Santiago, cunha previsión de execución para o mes de xuño.

Impartirase unha xornada sobre o alzhéimer na Fonte do Lunar

CEAFA e Cinfa ofrecen unha sesión formativa na Fonte do Lunar o vindeiro 15 de abril sobre a enfermidade do alzhéimer.

O obxectivo é dotar de coñecementos, recursos e servizos ás persoas que a sofren e os seus cuidadores para mellorar a súa calidade de vida.

CLASES IMPARTIDAS POR UN:
Multimedallista nacional
Bicampeón de España absoluta
Bronce Europeo 2019
Campeón de Europa por equipos en 2021
Mundialista en 3 ocasiónes, 2018, 2022 y 2023

Escuela de
TAEKWONDO
SARRIA

MEJORA DE CONDICIÓN FÍSICA
AMISTAD TRABAJO EN EQUIPO DISCIPLINA
CONFIANZA AMBICIÓN HUMILDAD RESPETO

@AC_TAEKWONDO AC TAEKWONDO 664 765 985

paradela

A ruta do Loio permanecerá pechada ata que se poida mellorar

A ruta do Loio de Paradela permanecerá pechada debido ás fortes chuvias e ventos que provocaron hai xa dous meses a caída de numerosas árbores que impiden o paso de turistas e visitantes.

A ruta, oficialmente baixo o nome de Ruta PR-G14 e que parte da capital do municipio, a carón das piscinas municipais e remata na parroquia de San Xoán de Loio; seguirá pechada ata que o espazo se poida poñer a punto a través de labores de limpeza e acondicionamento.

Desde a Alcaldía, Mulet sostén que é unha das rutas máis "transitadas da zona e con moita importancia histórica e natural", polo que "é un recurso fundamental para o turismo do noso Concello", explica.

Ademais, incide en que están esperando á aprobación do obradoiro de emprego conxunto para os concellos de Paradela, Láncara e Samos, que podería reacondicionar totalmente a ruta do Loio, xa que tamén o ano pasado, debido aos temporais, des-



de o Concello pediuse a restauración completa das tres pontes da ruta que sufriron máis danos: o de Sucasstro, o de Portocaneiro e o de Pías.

A RUTA. A andaina comeza a poucos metros das piscinas, onde o Muíño do Cabo. Alí, crúzase a Ponte do Muíño e despois, crúzase a Ponte da Fervenza. Continuando o percorrido, pásase a poucos metros do Muíño de Pías e crúzase o río Loio pola Ponte da Retorta. O camiño continúa ata

chegar ao Muíño da Retorta, o máis grande da ruta. Máis adiante chégase á Ponte de Portocaneiro e, aos 4 km, aparece o Muíño de Sucasstro. Logo pasa pola Capela de San Berto, Portocaneiro e máis adiante, aparece un desvío que leva ao lugar das Ruínas do Mosteiro de Santa María de Loio. Por último, o tramo final da senda leva ata a estrada LU-633, fronte a dous restaurantes, onde se poden repoñer forzas con vistas ás augas do encoro de Belesar.

Santiago Rodríguez, nomeado Fillo Adoptivo de Paradela

O paradelense Santiago Rodríguez López, fillo do escritor Manuel Rodríguez López, foi nomeado Fillo Adoptivo de Paradela a título póstumo debido ao seu pasamento o 19 de marzo aos 52 anos de idade.

O título de Fillo Adoptivo ten a mesma consideración e xerarquía ca o de Fillo Predilecto, reservándose este para os nados no Concello, e sendo as dúas distincións para premiar especiais merecementos ou servizos extraordinarios.

O biólogo, escritor e catedrático na Universidade de Bristol, foi nomeado como Fillo Adoptivo polos méritos contraídos nos últimos 30 anos en todo o seu traballo a prol da cultura



no Concello de Paradela en xeral, e no Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López en particular. Este recoñecemento tamén foi concedido ao xornalista Xulio Xiz pola súa implicación no Concello.

A Deputación de investirá 90.000 euros en Paradela

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou un investimento superior aos 90.000 euros para acometer obras para acondicionar un tramo da estrada LU-P-4202, que é a que vai a Aldosende por Santalla. En concreto, os traballos afectarán ao treito que vai do punto quilométrico 3,520 ao 5,000; terán un prazo de execución de 2 meses e consistirán na apertura das cunetas, a pavimentación con aglomerado en quente e a reposición da sinalización horizontal e vertical. A Deputación xa investira 96.800 euros na mellora doutro tramo desta mesma estrada, entre os puntos quilométricos 17,2 e 21,9.

PETICIÓN DO CONCELLO. O Concello de Paradela pide o ensanche dunha estrada de titularidade provincial que comunica con Currelos, no Saviñao, xa que cando Darío Campos era presidente da Deputación de Lugo había un convenio para ensanchar a vía ata os 8 metros. Porén, cos sucesivos gobernos provinciais, o ensanche non chegou a facerse e segue sendo demasiado estreita para o paso de vehículos pesados. Desde o Goberno local pídennlle á Deputación que se comprometa a afacer esta obra necesaria para os dous concellos e a súa conexión por estrada.

PINTOR

PINTURAS - BARNICES
PERSIANAS
PAPEL PINTADO
TARIMA FLOTANTE
659 767 936

HOGAR
CORTINAS - STORES
RIELES
ALFOMBRAS
EDREDONES

C/ Benigno Quiroga,
93-95, bj - 982 533 497
SARRIA (Lugo)

PINTURAS HOGAR
LATAS
tel.: 659 76 79 36

Iván Castro, portavoz do PSOE en Paradela, forma parte da política local desde 2016

A Iván Castro, portavoz do PSOE en Paradela, sempre lle gustou a política desde moi neno. “O meu primeiro recordo foi a vitoria de Zapatero no 2004, cando eu tiña 12 anos”, sostén. Por iso, cando cumpriu os 16, o primeiro que fixo foi afiliarse e participar nas Xuventudes Socialistas, pero “sen dicir nada na casa”. Así, forma parte do Partido Socialista de Paradela desde o 2016, cando estaba de compañeira Sonsoles de secretaria xeral do partido político. Despois dela, “un equipo novo presentámonos á secretaria xeral, e dende aí, aquí seguimos”. Esta é a segunda lexislatura na que Castro é concelleiro en Paradela. Para Iván, a política local “é a máis bonita para a miña forma de velo, xa que vexo directamente o efecto que causa nos meus veciños” e o papel da oposición “sempre ten que ser construtivo, non estar todo o tempo no non”, explica. En Paradela moitos dos puntos nos plenos saen por unanimidade, “cando son casos de sentido común e de defender aos nosos veciños”. Despois, explica, “no executivo de obras ou servizos, cada un temos o noso punto de vista e as prioridades lóxicas da ideoloxía ou da perspectiva persoal, pero non estamos en contra de ningunha mellora para a nosa poboación, sexa da administración que sexa. Tentamos dar o punto de vista nas cousas que vemos, pero temos claro que a última palabra lle pertence ao Goberno municipal e á alcaldesa, que foron os que obtiveron máis apoios nas eleccións e, polo tanto, a potestade de gobernar

estes catro anos”, defende o concelleiro socialista. Con respecto a como axuda o PSOE a mellorar a vida dos veciños, Iván Castro defende que “nós tentamos escoitar aos veciños e axudar no que podemos, tendo en conta que non temos competencias executivas no eido municipal. Moitas veces os veciños o que precisan é información, e dentro do que sabemos tentamos proporcionala”.

A POLÍTICA, A NIVEL PERSOAL. Para Castro a política “é unha forma de vida pola que optamos voluntariamente sendo conscientes de que automaticamente te pos no disparadero; pero, por outra parte, é moi satisfactorio coñecer a todos os veciños e tentar axudalos nas súas inquiredanzas e problemas”. Porén, o principal problema, destaca, “é o tempo que ocupa, xa que sempre é a maiores das nosas ocupacións laborais, ao marxe da política, que nos proporcionan o salario que todos necesitamos para vivir, pero merece sempre a pena cando ves que podes axudar aos veciños e coñeces a moita xente coas mesmas inquiredanzas das que se pode aprender moito”, argumenta. Ademais, cre que o obxectivo de toda a xente que se dedica á política local “é ou debera ser mellorar a vida dos veciños e facilitarlles as cousas, e así o sentimos nós. Gustaríanos poder poñer en práctica os noso proxectos para Paradela e confiamos en que pronto os veciños confíen maioritariamente no noso equipo municipal para leva-

“O concelleiro socialista de Paradela define a política local como “a máis bonita, porque vexo o efecto que causa nos meus veciños e na miña contorna”



los a cabo”. Por outra banda, di que está a favor de que os gobernos gobernen, “e as oposicións deixen gobernar sen paus nas rodas, facendo o seu traballo pensando no ben dos cidadáns. Todos os gobernos están para buscar a mellora das condi-

máxima sexa a que rexa todos os parlamentos e gobernos, dende a UE ata os concellos”.

AS NECESIDADES. Por último, destacada as necesidades de Paradela, referíndose a un “Concello envellecido con necesidades sociais moi importantes dentro do coidado dos nosos maiores, que debe ser primordial”. Pero tamén cre que se lle debe facilitar a vida aos nosos novos “a posibilidade de poder aumentar as prazas para nenos de 0 a 3 anos, e, sobre todo, tentar crear postos de traballo, tanto públicos como atraendo novas empresas e negocios”. Así, destaca que a Deputación está rematando o aparcadoiro que había proxectado no polígono, “sen o cal non se podía dar o fin de obra por parte dos técnicos e dificultaba as posibilidades do noso polígono”. E, para finalizar, pon o foco no agro e o rural, “ao cal lle hai que facilitar o traballo cunhas boas comunicacións en camiños e estradas, así como a nosa aposta de bonificar o IBI rural para non cargalos máis de impostos e solucionarlles un dos problemas que van vir con forza, como é o tema da auga. Todo isto debe contribuir a que máis xente elixa o noso concello para vivir e formar unha familia”, conclúe.

“O obxectivo da xente que se dedica á política é ou debera ser mellorar a vida dos veciños e facilitarlles as cousas, e así o sentimos nós”

cións dos veciños e do país, e todos os cidadáns nos podemos expresar nas eleccións regularmente convocadas. Gustaríame un parlamento menos fragmentado cunhas maiorías máis estables, pero os cidadáns españois deron esta situación, e con iso hai que facer o cesto. A labor do parlamento e da política é negociar e chegar a acordos cos representantes elixidos por todos nós, polo ben dos cidadáns e espero que esta

LIQUIDACIÓN DE EXPOSICIÓN

DESCONTOS EN:

- MOBLES DE SALÓN
- DORMITORIOS
- APARADORES
- MESAS DE CENTRO
- ENTRADAS
- E MÁIS...

VEN A MUEBLES CELEIRO E TRANSFORMA O TEU FOGAR

Carretera LU-546 km. 16 Vilapedre 9 Sarria - Lugo Tel. 982 532 451 Mov. 625 662 962

GESA ENERGÍA

ASESORAMENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha comparativa de aforro personalizada:

Entra e infórmate!
982 876 681
sarría@xenera.com

XENERA
COMPAÑÍA ELÉCTRICA

A principal comercializadora de enerxía 100% galega. Concedida de 131 anos de historia.

GESA ENERGÍA Colaborador Oficial de XENERA

O PP reafirma “o compromiso da Xunta coa sanidade”



Os concelleiros do PP de Lánara confirmaron co conselleiro e co xerente da área sanitaria de Lugo “que non vai pechar o centro de saúde nin se van suprimir prazas de médicos”. Así, “o centro de saúde da Pobra de San Xiao manterá as tres prazas de médico”, explica a voceira do PP de Lánara, Olga Capón, tras manter unha reunión co conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, e o xerente da área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte, Ramón Ares, acompañada polo concelleiro Miguel Losada.

Os populares quixeron confirmar persoalmente que “nin se vai pechar o centro de saúde do noso municipio nin nunca se pensou en suprimir ningunha das tres prazas de médico”.

Os populares lembran que “a falta de médicos afecta a todo o Estado porque o Goberno non autoriza formar máis médicos de familia”. Aínda así, “o Sergas está a esforzarse por cubrir as vacantes con médicos substitutos dispoñibles”. E, no caso de Lánara, “estase a cubrir a praza do médico xubilado de forma regular coa mesma facultativa. E tamén acode un substituto para cubrir vacacións”.

Tralo correspondente procedemento administrativo, cubriranse

todas as prazas médicas de forma definitiva. “Mentres tanto, o Sergas traballa para resolver o antes posible calquera inconveniente que poida xurdir”, indican.

Os concelleiros do PP queren trasladar aos veciños e veciñas “unha mensaxe tranquilizadora ante o medo e o engano que traslada o alcalde sobre o futuro da atención sanitaria no noso concello de forma totalmente irresponsable”; xa que “o que está a conseguir é que os veciños pidan traslado a outro centro por medo de non ter médico”. Os populares lembran que “o xerente da área sanitaria de Lugo lle trasladou ao alcalde nunha reunión que a situación da sanidade en Lánara non é motivo de alarma; xa que nin se pecha o centro de saúde nin se suprimen prazas”. Os populares cren que “esta forma de actuar do alcalde só pode entenderse como unha estratexia para dicir despois “que se conserva o centro de saúde e as prazas de médicos grazas a el, cando o verdadeiro esforzo o está a facer o Sergas e xa existe o compromiso coa sanidade en Lánara”.

O PP pídelo ao alcalde, “que se esforce en traballar para asentar poboación e se centre en asuntos da competencia do Concello”.

A XXV Feira da Tenreira Galega acollerá tamén a XV Festa dos Avós

A XXV Feira da Tenreira Galega terá lugar os vindeiros 30 de abril e 1 de maio con diversas actividades que se desenvolverán na Pobra do San Xiao. O 30 de abril celebrarase a XV Festa dos Avós no Campo da Feira, onde haberá unha actuación musical ás 13.00 horas, a intervención de autoridades quince minutos despois e unha comida para todos os que se acheguen na carpa instalada. Xa pola tarde haberá exhibicións das Escolas Deportivas Municipais no pavillón, así como se celebrarán uns Cantos de Taberna polos bares que percorreren os bares da Pobra de San Xiao, enchendo de música o pobo e animando á veciñanza, que rematarán cunha foliada popular e degustación gratuita de Tenreira Galega Suprema na praza dos Labradores.



Pola súa parte, o día 1 de maio comezará a festa ás 10.00 horas, e ás 12.00 chegarán as autoridades para, 15 minutos despois, abrir os postos

e ofrecer unha degustación gratuita de queixos artesanais e sidra ecolóxica do país. Xa ás 12.30 horas terá lugar a poxa de varias vacas xovencas e ás 12.45 farase un percorrido polo recinto feiral con visita ás instalacións do gando. Xa ás 13.00 horas terá lugar o pregón a cargo de Rosa Sierra e ás 13.30 horas celebrarase a sesión vermú co Punto Clave ata o xantar, ás 14.00 horas, no que se poderá desfrutar da Tenreira Galega Suprema. Pola tarde, cara ás 17.00 horas terá lugar a exhibición ecuestre e ás 17.45 horas entregaranse os premios do concurso de gando vacún e sortearase unha becerra. O día e a Feira da Tenreira 2024 rematará coa actuación de Punto Clave, a partir das 18.30 horas, que amenizará o resto da xornada.

O 23 de abril terá lugar un paseo guiado polo Camiño Real



O Concello de Lánara organiza unha nova actividade para o vindeiro 23 de abril da man do guía turístico lugués Guido Álvarez, baixo o seu proxecto ‘Guido Guía’. Así, o percorrido terá lugar polo Camiño Real de Lánara, aínda que o punto de

quedada para desfrutar desta actividade gratuita é a Ponte Carracedo ás 17.00 horas. As persoas interesadas poderán participar desta experiencia que Guido define como “percorrer a historia e beleza do Camiño Real”.

EN BREVE

EXCURSIÓN. O Goberno local organiza unha excursión para a terceira idade do municipio ás Rías Baixas o vindeiro 14 de abril, domingo. As persoas participantes visitarán a Feira de Padrón, o municipio do Grove, onde darán un paseo en barco e a Illa da Toxa, polo que deberán pagar un custo de 35 euros nos que se incluírá a viaxe, a mariscada e o traxecto con baile no barco.

XIMNASIA. Da man da Deputación de Lugo, organiza unhas xornadas de promoción do deporte en abril e maio. As actividades, clases de ximnasia, comezaran o día 4 e 5 de abril coa intención de promover entre os veciños e veciñas a práctica deportiva. Así, o día 4 comezaron no edificio polifuncional da Pobra de San Xiao de 18.00 a 19.00 horas e o día 5 na antiga escola de Lánara de 17.00 a 18.00 horas.

FORMACIÓN ALZHEIMER. O antigo centro médico de Lánara acolle unha formación sobre a enfermidade de Alzheimer o vindeiro 11 de abril, de 16.00 a 18.00 horas. Os organizadores son a Confederación Española de Alzheimer e outras demencias (CEAFA) e Cinfa, coa colaboración do Concello de Lánara. Na mesma informárase dos recursos sociais e servizos que existen actualmente para as persoas que padecen a enfermidade de Alzheimer e está dirixida aos cuidadores de persoas coa enfermidade do Alzheimer e outras demencias, e a todas as persoas que están relacionadas e interesadas co tema.

CARPINTERÍA METÁLICA

- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS

CAMIÑO FRANCÉS

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo)
Tel.: 672 149 386 / 982 009 270
caminofrances.aluminios@gmail.com

claudio

Supermercados **PARADELA**

Su supermercado de confianza
Servicio de carnicería

Calle Cabaleiros de Santiago, 77 Bajo
27611 PARADELA / Telf.: 982 541 532

O alumnado de 3º de Primaria está a traballar no podcast 'Voces do Páramo'

Os nenos e nenas de 3º de Primaria do Ceip Plurilingüe do Páramo están a desenvolver un proxecto innovador da man do seu titor e profesor Antonio, que a través das materias de Lingua Galega e Matemáticas está a desenvolver con eles. Concretamente, é un *podcast* chamado Voces do Páramo. A casa dos contos, que se grava cada quince días grazas ao material que achega o propio profesor formado por un micrófono e un ordenador cun programa de gravación e edición de audio.

"Propúxenlles a idea de facer un *podcast* e encantoulles. Eles mesmos decidiron que a temática foran os contos en galego", explica Antonio,

máis coñecido como Toni.

Nos 15 días de preparación entre capítulos, o alumnado ten que escoller un libro e logo "lémolo, traballamos as ideas que nos transmite, traballamos a comprensión lectora, facemos un resumo e logo facemos un guiño no que cada neno ten a súa parte que debe comunicar no *podcast*", argumenta o titor.

BENEFICIOS. Esta actividade fomenta que o alumnado desenvolva a capacidade da comprensión lectora, pero tamén axuda á súa comunicación oral "cunha entoación axeitada, o que mellora tamén a súa autoestima e capacitaos para o futuro", sos-



tén Toni. "Tómano moi en serio, poñen entoación, interpretan, perden a vergenza... Gústalles un montón e aprenden moito", conclúe o profesor. Ademais, despois de gravar cada capítulo, súbeno a Spotify e alí ven as visitas que tivo, de onde era as persoas, etc., datos que utilizan na clase

de Matemáticas para facer análise de datos e construír diagramas de barras ou liñas sobre a cantidade de visitas e a súa evolución. Por isto, xa están pensando en promover unha radio para todo o colexio, adaptando os contidos para que todo o alumnado poida pasar por ela.

O Goberno aproba o presuposto anual

O Goberno local vén de aprobar definitivamente o seu orzamento para este exercicio, ano 2024, tras non rexistrarse alegacións.

Así, a contía é de 1.191.072 euros, dos cales 163.850 euros son para investimentos reais, como o arranxo de varias pistas municipais, para o que se contará con 163.850 euros, 643.016 euros están destinados a financiar gastos en persoal e os gastos correntes serán de 350.000 euros.

Desta maneira, continúa a tramitación para sacar adiante a residencia de maiores.

Pola súa banda, están previstos uns ingresos por valor de 686.355 euros procedentes doutras administracións, 317.000 de impostos directos, 30.000 euros de indirectos e 150.032 de taxas e outros ingresos.

Varios viais serán reformados cun presuposto de 80.000 euros

O Concello do Páramo licitou as obras para pavimentar diversos accesos a núcleos de poboación por un valor de 80.704, 10 euros. Estes accesos serán os de Lagoa e Ramil, para os que se destinarán 41.286,93 euros e o vial de Vilariño, na parroquia de Friolfe, que contará con 39.417,17 euros.

MELLORA DUNHA CURVA. As obras, que tamén inclúen a mellora dunha curva para facilitar a circulación de vehículos pesados, executaranse nestes viais debido a que están moi deteriorados pola súa antigüidade, o uso, o

tempo meteorolóxico e que non se arranxaron ata o momento, polo que era necesaria a súa mellora.

Concretamente, no vial de acceso a Lagoa, actuarase nun tramo de 170 metros de lonxitude e dun ancho de 5 metros, onde se atopa a curva e en baixada que dificulta a o tránsito dos vehículos pesados, polo que será necesario ampliar o vial cara a fóra para anchar a curva e conseguir maior espazo para o xiro destes vehículos.

Pola súa parte, o acceso a Ramil é de 240 metros e dun ancho

variable de 3,50 e 4 metros; mentres que o de Vilariño en Friolfe é o máis longo, de 1.752 metros.

INTERESADOS. Con respecto ás empresas, deberán presentar os seus proxectos no que deben incluír un plan para desenvolver nun prazo de execución de tres meses e será elixida aquela que presente unha mellor opción calidade-prezo.

Ademais, os negocios interesados deberán presentar unha memoria xustificativa, e o obxecto do contrato, a súa duración, o orzamento e as obras detalladas.

Falece o portavoz do PSOE, J. Manuel Gayoso

José Manuel Gayoso, representante do PSOE do Páramo, e candidato nas pasadas eleccións locais de maio de 2023, finou o pasado venres aos 62 anos.

Gayoso, natural da parroquia de Friolfe, era unha persoa "comprometida co seu pobo", como destacaba José Tomé, secretario xeral do PSdeG na provincia de Lugo.

Gayoso era un coñecido empresario da localidade que "coñecía a realidade do seu concello, as súas necesidades e o seu potencial para impulsar medidas que reverteran no benestar dos veciños e veciñas e no desenvolvemento económico



do Páramo", explicou Tomé. "Quería facer O Páramo "máis moderno e competitivo" e dotalo de "todos os servizos, como merecemos", escoitando aos veciños e colectivos veciñais, de montes, culturais ou deportivos.



INVISTE EN PARADELA

FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.



O Incio conta cun novo miradoiro co nome do petróglifo Pena do Chao



O Concello, coa axuda da Xunta a través de Turismo de Galicia, vén de estreir o novo miradoiro petróglifo Pena do Chao, desde o que se teñen unhas extraordinarias vistas da localidade.

Este novo recurso turístico co que conta o Concello do Incio emprázase moi preto do inicio da Ruta do Ferro e ofrece vistas a todo o Val do Incio; á Cruz do Incio, Dompiñor ou Trascastro, así como do propio petróglifo Pena do Chao. O novo miradoiro ten varios bancos para sentarse e un panel explicativo dos petróglifos. Incorpora ademais un banco inclinado desde o que poder observar as estrelas. Un espazo único desde o que poder observar o municipio e desfrutar do Destino Courel.

Para acceder hai que achegarse ata a aldea de Saa e dirixirse cara a Monteagudo. A 200 metros do inicio da ruta do Ferro, e antes de chegar a Monteagudo, xa pode verse o miradoiro, ata ao que se pode chegar en coche.

O alcalde, Héctor Corujo, anima a

aproveitar calquer bo e despexado día para achegarse á localidade e coñecer este novo recurso turístico, que unido a outros que xa existen, fan da visita ao Incio “unha escapada fantástica en plena natureza”.

Este súmase a un segundo miradoiro que se sitúa por riba do Foxo dos Lobos, unha antiga trampa para decimar as poboacións de lobos que ameazaban ao pastoreo. É un lugar no que tamén existen unhas varandas, que se atopan deterioradas pola climatoloxía.

O PETRÓGLIFO. O petróglifo Pena do Chao é de tipo cazoleta de sección semiesférica e de planta circular. Este tipo de peza consiste nun pequeno oco artificial escavado na propia rocha. Este petróglifo confórmano unha agrupación de cazoletas dispostas na superficie da formación rochosa. As cazoletas son uns dos motivos rupestres máis recorrentes en todas as épocas e latitudes.

Laura Celeiro, portavoz do PSOE, deixa a política

Laura Celeiro vén de renunciar á súa acta como concelleira do PSOE no Concello do Incio despois de 17 anos como membro da corporación municipal e ser alcaldesa durante dous mandatos en 2011 e no 2015. Así, pecha unha etapa na súa vida no ámbito da política para centrarse na súa vida persoal despois de valorar a súa traxectoria na política local, satisfeita co traballo realizado e agradecida á veciñanza e aos seus compañeiros de partido.



Nas pasadas eleccións municipais de maio de 2023 defendía que se presentaba á Alcaldía “dende a responsabilidade que require este posto, pero tamén con moitas ganas de impulsar proxectos e iniciativas que redunden en toda a veciñanza da vila, sen excepción”.

Con respecto á persoa que a sucederá a Laura Celeiro como portavoz do PSOE, aínda que se pensa que será Iria Pereiro, a número cinco da candidatura das pasadas eleccións municipais, quen entre como nova concelleira socialista no municipio.

VIDA E POLÍTICA. Laura Celeiro naceu no Incio no ano 1981 e, a pesar de ser avogada de profesión, comezou a súa andaina na política aos 25 anos, aínda que non foi ata o 2006 cando o PSOE a presentou como candidata no Incio. En 2011 foi elixida como alcaldesa, converténdose na primeira rexedora muller do Incio e a máis nova da provincia de Lugo, con 29 anos.

O Val das Mouras e Guezos, confirmados

Os organizadores do Festival Terra Brava do Incio veñen de confirmar o segundo e terceiro grupo que actuarán durante o evento, que se celebrará o vindeiro 24 de agosto. Así, as bandas son O Val das Mouras e Guezos. O primeiro é unha formación celta-folk que basea a súa proposta musical na obra poética de Rosalía de Castro e comparte nome cun bosque galego de Folgoso do Courel. A nivel musical, a banda está composta por unha voz, guitarra, frauta, violonchelo e percusión, gaitas, instrumentos de orixe galega, acordeón e teclados.

Con respecto a Guezos, este grupo

nace en 1999 en Ourense como un proxecto de grupo musical tradicional cun directo enérxico, alegre e contundente con ritmos como o rock, a rumba, o *reggae* ou o *funk* mestúranse á perfección co folk. Este grupos súmanse ao primeiro confirmado, Charanga Sin Control, un grupo de amigos de León que amenizará a sesión vermú no día 24 de agosto. Así, O Incio volverá acoller unha festa de música de grupos galegos que porán en valor o traballo da creación musical propia diante dun público composto por veciños e veciñas e persoas interesadas neste festival.

A Asociación Ruta do Ferro do Incio recibe 6.000 euros da Deputación de Lugo

A Deputación de Lugo aprobou o último trámite administrativo para o pago dunha subvención por 6.000 euros á Asociación Veciñal e Cultural Ruta do Ferro, no Concello do Incio. A entidade resultou beneficiaria do Programa da Deputación para a Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios, e destinou os fondos á mellora e adecuación da pista do Monte Veciñal.

Xa hai datas para a celebración do festival Tremeterra

O Festival Tremeterra volve ao Incio este verán, concretamente os días 30 e 31 de agosto. O III encontro de soundsystem da Terra Brava acollerá, como cada ano, obradoiros, debates abertos, música e *soundsystem* na contorna do Encoro de Vilasouto, na localidade de Eirexalba. Este festival Ten como obxectivo abraiar no eido local, tratando de crear unha alternativa de ocio para a xente da zona, dinamizando a contorna e facéndoa máis atractiva e activa ás novas xeracións. Todas as persoas interesadas en participar poderán facelo, xa que é un evento gratuito.

As Cavarcas organiza un curso de cestería

A Asociación Cultural As Cavarcas, que comezou a súa programación cultural o 20 de xaneiro cunha charla sobre as Comunidades Enerxéticas en relación coas Comunidades de Montes Veciñais en Man Común, continúa as súas actividades. Así, o Centro Galego de Artesanía e Deseño da Deputación de Lugo está a impartir un curso de cestería de vimias da man das Cavarcas e coa colaboración do Concello, que facilita os locais sociais. O curso, que comezou o 18 de marzo, desenvólvese todos os luns de 17.00 a 20.00 horas no baixo do Concello ata completar as 30 horas lectivas, rematando a mediados de maio. Dende a Asociación animan á xente de O Incio e arredores a acudir a estas actividades e ás futuras do resto do ano.

FONTANERÍA Y GAS
VILAR VALCARCEL S.L.

AEROTERMIA
SUELO RADIANTE
BIOMASA
INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

Vazquez Autos

pelayo
Agente Exclusivo

Rúa Matias López, 126
27600 - SARRIA (Lugo)
Tel. / Fax: 982 530 707
Móvil: 669 199 533
vazquezautos@hotmail.com

DEPUTACIÓN

O organismo investirá 3 millóns de euros no desbroce da rede de estradas da provincia

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou un investimento de máis de 3 millóns de euros para acometer as tarefas de desbroce dos 4.217 quilómetros de estradas provinciais. Así o anunciou a Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, quen detallou que a licitación do contrato para a prestación do servizo terá unha duración de dous anos, prorrogables por outro.

García Porto subliñou que “a rede viaria da Deputación de Lugo é a máis extensa de toda España e para o seu acondicionamento e mellora destinamos moitos recursos económicos”, lembrando que neste ano 2024 están consignados 20 millóns de euros nos Orzamentos para as estradas provinciais, o que supón un incremento dun 42% no último mandato. Uns recursos destinados a tarefas de mellora, de desbroce, de conservación e de mantemento das vías. Detallou a Deputada que o contrato para os desbroces cuxa licitación aprobou este venres a Xunta de Goberno está dividido en 24 lotes, correspondentes ás distintas zonas xeográficas da provincia, “para facilitar o desenvolvemento máis áxil e eficiente dos traballos”, engadindo que se trata dunha “tarefa fundamental” coa que a Deputación de Lugo “mellorará a seguridade viaria e a comodidade dos condutores, ademais de favorecer a prevención dos incendios”.

O Plan Deputación repartirá 25 millóns de euros nos 67 concellos

O Pleno da Deputación aprobou por unanimidade a relación de actuacións e proxectos que os 67 concellos propuxeron para executar con cargo ao Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024, que nesta anualidade conta con 21,75 millóns de euros. Deste xeito, o Goberno provincial sacou adiante a súa proposta a favor deste programa de investimentos, que inxecta en total máis de 25 millóns de euros de fondos públicos no tecido socioeconómico da provincia, tendo en conta as achegas dos concellos, que superan os 2,5 millóns.

Destacou o presidente da Deputación, José Tomé Roca, que é o cuarto ano consecutivo que esta ferramenta se aproba no primeiro trimestre do ano, permitindo así aos concellos “planificar as súas accións, traballar con máis previsión, aproveitar mellor os recursos e dar unha resposta máis áxil aos veciños e veciñas”. Tamén animou á Xunta de Galicia a poñer en marcha “unha ferramenta similar” para “garantir a equidade” no reparto dos fondos públicos e “evitar usos partidistas” dos mesmos.

A deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Carmela López Moreno, explicou que con este instrumento de cooperación a Deputación garante a distribución dos recursos públicos entre os 67 concellos da provincia “con criterios públicos e obxectivos”, e que os concellos presentaron as súas propostas para investir estes fondos da institución provincial aos diferentes programas: investimentos; Servizo de Axuda no Fogar (SAF); reforzo



do emprego; actividades culturais; actividades deportivas; actuacións e eventos turísticos; feiras e mercados; administración electrónica e protección de datos; e protección civil. Nas peticións das entidades locais teñen prioridade os investimentos, aos que deciden dedicar preto de 17 millóns de euros -case o 70 % do total dos fondos-, para acometer 331 obras e subministracións; seguido da creación de emprego, á que destinan 3,7 millóns cos que crearán 301 postos de traballo; e do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), para o que os concellos de menos de 20.000 habitantes reciben 3 millóns para atender a unhas 2.000 persoas.

ORZAMENTO. Tamén se lle deu o visto bo a unha modificación do Orzamento da Deputación de Lugo para este ano 2024, mediante Transferencia de Crédito e Suplemento de Crédito, precisamente para poder materializar o Plan Deputación. A deputada de Economía, Recadación e Facenda, Carmela López, detallou

que coa Transferencia de Crédito, se modifican as partidas orzamentarias que estaban consignadas inicialmente no Presuposto para adaptalas ás necesidades manifestadas polos concellos. E, por outra banda, co Suplemento de Crédito, incorpóranse aos Orzamentos algo máis de 10 millóns de euros con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, o que permite que a dotación económica do Plan Deputación deste ano alcance os 21,75 millóns.

Así mesmo, acordouse a incorporación de 4,3 millóns de euros de remanentes ao Orzamento deste ano 2024 para “seguir reforzando a cooperación da Deputación cos concellos, e o apoio ao tecido social e económico da nosa provincia, para que poidan manter ou impulsar novas accións que contribúan a mellorar a calidade de vida e o benestar dos veciños e veciñas, así como á dinamización da actividade económica e do emprego, nun contexto que continúa sendo complicado para a cidadanía”, detallou López.

O Goberno provincial aproba as liñas de axuda ao tecido cultural de base e asociativo

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo aproba cun orzamento de 380.000 euros as bases para a convocatoria de axudas para o tecido cultural de base. A Xunta de Goberno aceptou o procedemento que permitirá as entidades culturais desenvolver actividades culturais e mellorar os locais.

Trátase de dúas liñas de axuda, unha destinada á organización de actividades de promoción e dinamización cultural, cun importe de 255.000 euros, e outra dirixida a financiar investimentos en instalacións e equipamento nos seus locais sociais, de 125.000 euros.

A deputada de Cultura Iria Castro destacou que “este ano mantemos o orzamento da última edición, o que permitirá continuar reforzando o apoio ás asociacións culturais de base, na súa maioría colectivos pequenos que se sosteñen grazas á implicación desinteresada de persoas preocupadas pola cultural, pola lingua e o patrimonio e que cumpren un papel fundamental para garantir o acceso á actividade cultural en todo o territorio”.

Sinalou tamén a importancia destes investimentos que permiten que “os colectivos do rural programen actividades e impulsen tamén estudos, investigacións e iniciativas de posta en valor do patrimonio local”.

As bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia abríndose daquela o prazo para facer as solicitudes.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA
www.ocioengalicia.com

DEPORTES

244 persoas estiveron na II Ruta Enduro de Triacastela



A II Ruta Enduro Triacastela organizada polo Team Zennon de Becerría en colaboración co Terremoto Club de Triacastela acolleu a participación de 244 persoas. Así, percorreron a Serra do Oribio coas súas motos, visi-

tando os Concellos de Triacastela, Samos, Pedrafita e Folgoso do Courel na súa ruta. Desde a organización do evento sosteñen que "foi unha ruta xenial, onde os participantes o pasaron moi ben e queren repetir".

O sarriao Mateo Fernández, finalista no Open de España

Mateo Fernández, alumno da AC Taekwondo de Sarria, vén de conseguir a terceira posición na categoría Júnior do Open de España que se celebrou en La Nucia, Benidorm.

Entre os vinte participantes internacionais, Mateo pasou a primeira rolda en sexta posición á final, "facendo un traballo brillante e sumar puntos para o *ránking* galego, senón tamén a nivel nacional de cara a ao campionato do mundo en Hong Kong", explica Álex Losada, adestrador do club.

"Estamos moi contentos co traballo de Mateo Fernández, xa que conseguiu colocarse entre os mellores de España da súa categoría, o que mostra a evolución continua que está tendo e a gran mellora dos últimos meses. É un gran e bo alumno", argumenta Losada.

Así, concluíu que "esta é unha medalla histórica para o club sarriao, xa que non é habitual colarse entre os mellores de España, e máis aínda cando o club non ten nin un ano de vida".

O sénior A da SD Sarriana manterase

O sénior A da SD Sarriana ten case segura a permanencia en 3ª RFEF despois de gañar varios enfrontamentos nos que demostraron a súa capacidade de resistencia. Así o explica José López, coordinador do equipo. Estamos contentos co traballo do equipo e contamos con manernos na categoría, que era o obxectivo da tempada", defende. "Agora, a seguir desfrutando da categoría e aspirar a xogar os *playoff* de ascenso a Segunda, aínda que é difícil porque estamos nunha categoría moi igualada, todos están competindo", explica. "Sempre hai que mirar cara arriba e se as cou-



sas seguen indo ben, intentaremos competir cara adiante". Con respecto ao Infantil, ten como obxectivo ascender a categoría interprovincial

e os xogadores de fútbol 8 seguen coa metodoloxía de "fomentar o traballo individual e hábitos co fin de desenvolver a formación técnica.

O DH Molinos acolleu 102 participantes

O descenso en bicicleta polo monte do Páramo, o DH Molinos 2024, celebrado este pasado sábado, foi todo un éxito gracias aos 102 participantes. Na categoría masculina o gran vencedor foi o sarriao Iván Mourelo, que o ano pasado conseguiu a segunda posición. A segunda praza foi para Jorge Luis López, e a terceira para Carlos Díaz de Ciclos Quintela.

Na categoría feminina a primeira posición conseguíu Juana María Vidal, de Moto Bike, seguida de Eva Castro dea Federación Gallega, e de Arantxa Gómez de Os do Sacho. O equipo organizador, o DH Galicia Team, fixo dobrete na clasificación xeral masculina, sendo o primeiro e segundo posto para eles.



No relativo ás diferentes categorías foron Alejandro Pérez de Maese Ourense en Enduro; Dani Fernández de THC Bike en Infantil; Mario Barreiros de VK Bikes en Cadete; Ricardo Escudero do Poio Bike Club en Máster 50; Rubén Piñeiro do Mesoiro en Máster 40; Iván Mou-

relo e Alisonne Dillen ambos do DHG Team en Máster 30; Arantxa Gómez dos do Sacho e Gael Ferro de Team Bici Verde en Júnior; Xoel Pereira de Team Bici Verde en Sub-23 e Juana María Vidal de Moto Bike e Jorge Luis López do DHG Team en Élite.

O equipo da Lareira gañou o XXXI Torneo Fútbol Sala Samos 2024

A XXXI edición do Torneo Fútbol Sala Samos 2024, que se celebrou os 28, 29, 30 e 31 de marzo, deixou como gañadores aos xogadores do equipo A Lareira, que se enfrontaron na final contra Os Churreros SD.

Con respecto ao cuarto e terceiro equipo clasificado na competición, estes foron o Colonos FS e Taberna D'Orixen, que competiron unha hora antes que os campións, ás 17.00 horas do domingo.

Durante os catro días nos que tiveron lugar os partidos de fútbol sala no pavillón municipal do Concello de Samos, gran cantidade de afeccionados achegáronse para animar aos 16 equipos que



participaron; que foron o A Lareira, Mesón Meigallos, Churreros SD, Bazar Jardón, Andalucía FS, Pub Tropi, Toca FS, Colonos

FS, Samos FS, Café Bar Roma, Vellas Glorias, Waterparties FS, Las Leyendas, Luisitalia, Taberna D'Orixen e Mariscos Recio.

CARPINTERIA METÁLICA

NUESTROS TRABAJOS EN TODA LA COMARCA DE SARRIA NOS AVALAN

- PUERTAS AUTOMÁTICAS • ACERO INOXIDABLE
- ESTRUCTURAS METÁLICAS • ALUMINIO SOLDADO
- ACERO CORTEN • REPARACIONES MAQUINARIA AGRÍCOLA

VIMETAL

TALLERES

¡Llámenos y le informamos sin compromiso!

Camilo Francés 43, 27600 Sarria - Lugo
 Fran: 699 823 746 / Jose: 669 951 703 • vimetalsarria@hotmail.com

“Os xogadores xa teñen ganas de xogar en Segunda Galicia”

O adestrador, Jony Lombardía, e o capitán, Borja Fernández, do equipo SD O Páramo fan unha valoración da tempada tras o seu ascenso

O equipo da SD O Páramo vén de conseguir proclamarse campión de Liga de Terceira Galicia Grupo Sur despois de quedar en táboas co equipo da SD Rubián de Bóveda o pasado 17 de marzo nas Rapadas. Os do Páramo, que xa conseguiran o ascenso a Segunda Galicia o pasado 18 de febreiro, celebran este éxito con moita “satisfacción polo traballo feito”, sostén Jony Lombardía, adestrador do equipo, “que para iso me contrataron”, defende. “Quería devolver ao Páramo o máis alto posible e conseguímolos despois de que o ano pasado quedásemos a pouco de conseguilo, polo que tiñamos mentalizado que o obxectivo era ascender canto antes”, explica.

Da mesma forma, o capitán do equipo, Borja Fernández, tamén sente que o “deber está cumprido, porque levo moitos anos no club e cando cheguei ao equipo hai 13 ou 14 tempadas, estabamos en Primeira Galicia e sufrimos dous descensos consecutivos. Para nós era prioritario ascender xa, polo que agora sentimos alivio e estamos moi contentos porque non é fácil”, argumenta.

Jony Lombardía, que leva dous anos como adestrador, di que “tivemos que construír o equipo desde 0 e este ano e cando me contrataron afrontei o proxecto con moita ilusión, xa que teño familia e amigos aquí”. Pola parte dos xogadores, eles tamén se implicaron, tal como explica Jony, xa que “son xogadores moi comprometidos, motivados, deron a talla e todos o fixeron ben, por iso ascendemos”. Así, tanto el como o capitán destacan o lealdade dos xogadores ao participar nos adestramentos, “xa que había 20 persoas que acudían regularmente aos adestramentos e iso faime sentir orgulloso”, resalta Borja. “A campaña foi moi boa tanto polo corpo técnico, formado polo adestrador principal, o adestrador secundario e o adestrador de porteiros; como polos xogadores. Todo é unha suma de factores que fixeron que conseguíramos o obxectivo”.

PERSPECTIVAS PARA SEGUNDA. Ao ser preguntados polas perspectivas que teñen xa pensando na próxima tempada en Segunda Galicia, o adestrador defende que van seguir traballando como ata agora, “con ilusión, intentando conseguir a permanencia e despois soñar con seguir ascendendo”. Ademais, sostén que farán algunha incorporación, tendo en conta que haberá xogadores que tamén marchen, enfocando as fichaxes “en xente de preferente, de primeira e segunda, xogadores moi

bos para fortalecer o equipo”.

Así, como defende Borja, “Segunda Galicia é unha categoría máis difícil, con equipos da contorna moi competitivos, polo que teremos que reforzarnos, pero estamos listos para competir”. Así, ve o equipo preparado e, pola súa traxectoria, que viviu, ve posible volver a 1ª autonómica, polo que “a campaña irá enfocada a tal fin. Estamos desexando que empece xa a tempada seguinte, seguir na dinámica na que estamos e chegar o máis alto que se poida. Os

vai perdurar no tempo. Hai unión e iso nótase en como medrou o equipo este ano”.

Jony Lombardía adestrador engade que tamén se promoverá que continúen e incluso se incorporen xogadores ao equipo do Concello do Páramo, porque “é bonito ter xente do Páramo xogando no equipo, aínda que tamén fomentaremos que veñan xogadores de Sarria e concellos da comarca”.

A AFECCIÓN. Con respecto á afec-



xogadores teñen fame, gañas de xogar e moita ilusión”, explica. Ademais, destaca que “foi un acerto o grupo que formamos, composto por veteranos coma min e rapaces novos como os que se incorporaron, porque fixemos grupo e non só adestramos e xogamos partidos, senón que organizamos actividades, torneos de fútbol e outras iniciativas nas que se ve a implicación de todos os xogadores co equipo e co Concello do Páramo. Ese núcleo de xente nova vinculada co Concello dá soporte ao equipo e é importante, inaugúralle ao Páramo un bo futuro”. Ademais, di que os xogadores son “o presente e o futuro do club. Estamos moi contentos porque vemos un equipo que

ción, tanto o adestrador como o capitán defenden que “é clave, sobre todo cando xogamos partidos importantes”. Así, Lombardía lembra que “enchamos os campos de fóra con xente do Páramo e o día do ascenso foi un espectáculo, xa que as gradas estaban totalmente cheas, que en 3º é difícil”. Pola súa parte, Borja di que ao ser os rapaces do Páramo ou ter familia no Concello, tamén van ver os partidos e “créase un mellor ambiente, xa que para nós é importantísimo que veña xente. O apoio nas gradas de tanto de volume de xente tendo en conta como é O Páramo, para nós é un plus”. Así, destaca que “que a xente se sinta identificada co equipo do Páramo é im-



portante; necesitamos que se sintan representados e tamén contamos co apoio das administracións”. Con respecto ao apoio doutras enti-

“Foi un acerto o grupo que formamos de veteranos con xente nova. Ese núcleo de xente augúralle ao Páramo un bo futuro”

dades, Lombardía destaca a colaboración do Concello do Páramo, “que nos coida o campo mantendo ben o céspede e cun sistema de rega automático que é unha pasada para ser un campo de 3ª Galicia. Agora, en verá darémolle unha volta ao campo para melloralo e estamos pendentes dunha axuda da Xunta, a ver se colabora máis con nós”, explica.

VALORACIÓN DA TEMPADA. Como valoración final da tempada, Jony

Lombardía conclúe que está “moi contento, xa que o meu obxectivo era ascender ao equipo e estou conseguindo, ademais de contar con xente comprometida. Estamos cumprindo as expectativas, tanto eu como o meu equipo técnico”.

Pola súa parte, o capitán Borja Fernández sostén que esta foi “unha tempada especial, xa que eu estiven nos mellores e nos peores anos do club. Foi duro ver o equipo descendido estes últimos anos despois de estar nun bo nivel, e agora estou moi contento co ascenso do club e do paso adiante dos xogadores con compromiso de todos para acadar o obxectivo e xogando 20 persoas todos os días. Síntome orgulloso da ilusión e do involucrado que está todo o mundo neste proxecto, un equipo ilusionado e que quere máis”.

Para rematar, quixeron dedicarlle o campionato de Liga a José Manuel Gayoso, “exdirectivo do club e peza fundamental durante varios anos” que faleceu o pasado 22 de marzo. E tamén queren recoñecer “a boa campaña que fixo o Rubián de Bóveda, que non conseguiu o título pero nolo puxo moi difícil. Queremos darlles os parabéns polo traballo”.

Peluquería Isolina

Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela 617 403 579

FACENDA FARRUQUINO

ATENCIÓN FAMILIAR

SOMOS ESPECIALISTAS EN CARNE FRESCA, CO CORTE AO GUSTO DO CLIENTE

DESCUBRE O NOSO EMBUTIDO DE A FONSAGRADA

HORARIOS DE LUNS A SÁBADO
Horario continuo de 9:00 a 21:00 h.

DOMINGOS E FESTIVOS
De 10:30 a 14:00 h.

RÚA DIEGO PAZOS 47, SARRIA
www.facendafarruquino.gal

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

A Necrópole de Santa Mariña

Neste monte localízanse corenta e catro túmulos que datan do terceiro milenio antes de Cristo ou neolítico final

A Necrópole de Santa Mariña esténdese polo monte do mesmo nome, na confluencia de tres concellos: O Incio, na parroquia de Santa Cristina de Viso; Samos, nas parroquias de Santiago de Formigueiros e Santa María de Suñiz; e Sarria, pola parroquia de San Martiño de Loureiro. O conxunto foi declarado Ben de Interese Cultural no ano 2006. Foi escavada baixo a dirección do profesor Rodríguez Casal da Universidade de Santiago, quen citou que "podería ser o xacemento máis importante de Galicia".

CARACTERÍSTICAS. A necrópole foi construída ao longo dun amplo intervalo temporal, que se pode situar entre o Neolítico Final e o Bronce Inicial, é dicir, entre o IV e o II milenio a. C., erixíndose como unha das máis relevantes concentracións de arquitecturas tumulares de todo o noroeste peninsular. Este carácter notable, vén dado, non só polo elevado número de elementos que a conforman, senón tamén pola heteroxeneidade ou diversidade que presenta tanto nas súas dimensións e nos restos das antas que resultan hoxe en día visibles, como na ocupación do espazo funerario, que implica, entre outras cousas, que en varios casos a construción dun monumento realícese practicamente sobre a periferia da masa tumular doutro, ou a existencia dun emprazamento xerárquico no caso de tres elementos, desde os que son percibidos a metade



Arriba á esquerda, fotografía de Cándido Rico e, á dereita, unha fotografía en branco e negro de Xesús Baños e Cándido Rico

dos integrantes da necrópole. Están identificados un total de corenta e catro xacementos ou elementos arqueolóxicos, correspondendo corenta deles a monumentos tumulares ou medorras, nome este último co que se designa na zona a esta categoría de xacementos, tres a gravados

rupestres e un elemento adscribible cando menos a época moderna (camiño real).

COMO CHEGAR. Conducindo de Sarria a Samos a man dereita se beira un indicador Castroncán, Incio. Vaise por aí ata que se atope a man esquerda un caseto de

ladrillo que comunica cunha pista de terra, pois á beira contrario a pista vai tamien polo lado dereito, se continua pola pista ata atopar unha explanada, e a man dereita atopácese o monte cheo de túmulos.

Ao chegar á altiplanicie onde se atopan pódese comprender per-

fectamente o significado dun campo tumular. Algúns conservan restos da cámara megalítica, sendo a mellor delas un sepulcro de corredor, de 5,60 m de lonxitude por 2,80 m de diámetro máximo na cámara, que aínda que perdeu a cuberta, conserva nove ortostatos.

MADEIRA

SERVICIOS FUNERARIOS

Funerarias
Tanatorios
Seguros



Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo
Teléfono y fax 982 53 00 15

funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es

Pili Madeira
FLORISTERÍA

Calvo Sotelo, 137 Tel. 982 530 015 SARRIA (Lugo)

floristeria@servimadeira.es - www.floristeriamadeira.es

REGALOS & EVENTOS

bicarelo

Calvo Sotelo 122 Bajo Izq - 27600 Sarria - Lugo
Tel.: 982 88 65 85 / 633 22 69 88
info@bicarelo.es